CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 1/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 7 DE XANEIRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:08 horas do día 7 de xaneiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Non asiste, previa escusa:**

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria acctal.:** D.ª Sandra Mª García Chenlo, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 19.11.18, DO 03.12.18 E DO 17.12.18**
2. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 19.11.18, DO 03.12.18 E DO 17.12.18**

*Acta da sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2018*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de novembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión ordinaria de 3 de decembro de 2018*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de decembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión ordinaria de 17 de decembro de 2018*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 17 de decembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ANA VAL FERNÁNDEZ (rex. entrada nº 9144 do 17/12/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 17 de decembro de 2018 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Ana Val Fernández, de 17 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.144), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de rampla de acceso de vehículos de 7 mts, en rúa do Atallo, Cacheiras, R.C.: 15083B503013740000SP.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria de data 17/12/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a ANA VAL FERNÁNDEZ, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-57/2018) para poder levar a cabo obras de rampla de acceso de vehículos de 7 mts, en rúa do Atallo, Cacheiras, R.C.: 15083B503013740000SP, de acordo co solicitado con data de 17 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.144).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a ANA VAL FERNÁNDEZ, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-57/2018) para poder levar a cabo obras de rampla de acceso de vehículos de 7 mts, en rúa do Atallo, Cacheiras, R.C.: 15083B503013740000SP, de acordo co solicitado con data de 17 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.144).**

**Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

**3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas trece minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria acctal. dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.01.31 10:14:18 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO - 76872418R
Firmado digitalmente por SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO - 76872418R
Fecha: 2019.01.18 10:20:48 +01'00'

Sandra Mª García Chenlo

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 2/18**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 4 DE FEBREIRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 4 de febreiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 07.01.19**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS: MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ**
4. **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO DE Mª DEL CARMEN IGLESIAS CASAS**

5. **ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO DO EXPEDIENTE 10/2018 DE JAIME LÓPEZ LEIS CON SERVIDUME DE ACUEDUCTO DE AUGAS**

6. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**

7. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS**

8. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

9. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 07.01.19.**

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de xaneiro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***2.1.*** **A SANTIAGO ANTONIO PEMÁN PÉREZ,** en representación de **EL CUERVO DEL ULLA S.L.,** licenza para obras de construción dun almacén agrícola (Expte. electrónico 2018/U022/000012), en "Agro

do Monte", A Palloza, Parcela 99, Polígono 131, R.C.: 15083A131000990000TS, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Fernando Santiago Carro, visado no correspondente colexio o 27 de xuño de 2018.
Expediente núm: **1/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Fernando Santiago Carro: proxecto básico e de execución de almacén agrícola, visado no correspondente colexio en data 27 de xuño de 2018.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Figura no expediente informe favorable da Consellería do Medio Rural, asinado en data 19 de decembro de 2018.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- **Antes do inicio das obras farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados**, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e a edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística (artigo 39.e) da LSG).
- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira utilización, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira utilización.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

-Presuposto: 40.734,35 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 814,69 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 994,69 euros.

***2.2.*** **A MARÍA ESTHER CASTELAO RODRÍGUEZ,** licenza para segregación (tres parcelas) da finca núm. 93, da concentración parcelaría de San Miguel de Raris, R.C.: 15083B510000930000SO, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López.
Expediente núm: **2/2019**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 28 de novembro de 2018 (rex. entrada núm. 8.736), "Anejo (II) al proyecto de segregación de finca rústica en Raris – Teo", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

| | PXOM | Parcela 93B | Parcela 93C | Resto finca matriz 93A | Cesión 1 | Cesión 2 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ordenanza de aplicación | N1 | N1 | N1 | Rústico | N1 | N1 |
| Superficie mínima | 300 $m^2$ | 537 $m^2$ | 537 $m^2$ | 1.827 $m^2$ | 53 $m^2$ | 52 $m^2$ |
| Fronte mínimo | 12 m | 17,69 m | 17,69 m | | | |

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

***2.3.*** **A JOSÉ RIO COUSELO E OUTROS,** licenza para segregación (dúas parcelas) da finca núm. 2.606, da concentración parcelaría de San Xoán de Calo (Expte. electrónico 2018/U018/000001), R.C.: 15083A514026060000KM – 15083A514026060001LQ, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.
Expediente núm: **3/2019**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 27 de decembro de 2018 (rex. entrada núm. 201800000009355), redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

| | PXOM | 2606-1 | Resto finca matriz | Cesión 1 |
|---|---|---|---|---|
| Ordenanza de aplicación | U3 A | U3 A | U3 A | U3 A |
| Superficie mínima | 1.000 $m^2$ | 1.262 $m^2$ | 1.481 $m^2$ | 189 $m^2$ |
| Fronte mínimo | 20 m | 40,80 m | 38,55 | |

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

***2.4.*** **A CARMEN SUSANA IGLESIAS NOGUEIRA,** en representación de **SERGIO CARBAJALES IGLESIAS,** licenza para segregación (dúas parcelas) da finca núm. 1.438, da concentración de Cacheiras – Recesende (Expte. electrónico 2019/U018/000002), R.C.: 15083A515014380000KW, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **4/2019**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 28 de decembro de 2018 (rex. entrada núm. 201800000009405), redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Vilariño Santos.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

| | PXOM | LOTE 1 | Resto finca matriz | Cesión 1 |
|---|---|---|---|---|
| Ordenanza de aplicación | N2 | N2 | N2 | N2 |
| Superficie mínima | 600 $m^2$ | 835 $m^2$ | 835 $m^2$ | 98 $m^2$ |
| Fronte mínimo | 14 m | 16,63 m | 15,85 | |

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

**A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

***2.5.-*** Escrito presentado por David Cajaraville Chacón, en representación de PROINCHACA S.L., en data 6 de xullo de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 5.287 (Expte. electrónico 2018/U007/000001), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2018, o informe xurídico de Secretaría de data 1 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **DAVID CAJARAVILLE CHACÓN,** en representación de **PROINCHACA S.L.,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-510-01/2019**), para un edificio de oito vivendas, soto e locais, na rúa Ignacio Varela, nº 1, Pontevea, parroquia de Reis, R.C.: 15083A509005080000KB, segundo obras executadas en base ás licenzas municipais núms. 80/02 e 137/04, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de datas, respectivamente, 20.02.2002 e 07.06.2004.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 290,00 €

***2.6.-*** Escrito presentado por Maria Inés Ríos Vázquez**,** en data 10 de setembro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 6.767, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 19 de decembro de 2018, o informe xurídico de Secretaría de data 1 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Conceder a **MARÍA INÉS RÍOS VÁZQUEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-519-02/2019**), para unha vivenda unifamiliar emparellada, situada en Urbanización Augas Mansas, nº 68, parroquia de Cacheiras, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 120/02, concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 4 de abril de 2002, a Mahia Santiago S.L., para construción de doce vivendas unifamiliares emparelladas, no ámbito do Plan Parcial SAU-4, zona AR-9 e AR-10, parcelas 58N, 60N, 61N, 62N, 64N, 65N, 69N, 71N, 73N, 75N, 77N e 79N.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

***2.7.-*** Escrito presentado por José Conde Caramés, en data 9 de xaneiro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 195 (Expte. electrónico 2019/U007/000001), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 16 de xaneiro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 1 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **JOSÉ CONDE CARAMÉS,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-520-03/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Socastro, nº 58, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514011550000KT, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 255/05, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19.08.2005.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

***2.8.-*** Escrito presentado por Pablo Gómez Casas, en data 11 de novembro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 201899900000265 (Expte. electrónico 2018/U007/000008), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 28 de xaneiro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 1 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **PABLO GÓMEZ CASAS ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-517-04/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Castro, nº 3, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508009790000SA, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 2/16, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18.01.2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

**3.- DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS: MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ**
Escrito presentado por María López Álvarez, en data 19 de outubro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 201800000007976 (Expte. electrónico 2018/U0018/000006), no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal para a segregación de dúas parcelas en Regoufe, nº 78, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501001440001LO.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 8 de xaneiro de 2019 e demais documentos obrante no expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 e 7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal (**expte I-1/2019**) para a segregación de dúas parcelas en Regoufe, nº 78, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501001440001LO.

**Segundo**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**4.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 24/18.**

Escrito presentado por María del Carmen Iglesias Casas, en data 8 de xaneiro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000000151, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 24/18, xuntando escritura pública de data vinte seis de setembro de dous mil dezaoito, do notario Marcelino Estévez Fernández, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xullo de 2018, a Mª del Carmen Iglesias Casas**,** para segregación (catro parcelas) da finca núm. 1748 da concentración parcelaria de Calo, en Osebe, R.C.: 15083B508017480000SJ, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 161,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data data vinte seis de setembro de dous mil dezaoito, do notario Marcelino Estévez Fernández, dunha superficie de 161,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 24/18.

**Segundo**.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 2 de xullo de 2018 (Lic. 24/18).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**5.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO DO EXPEDIENTE 10/2018 DE JAIME LÓPEZ LEIS CON SERVIDUME DE ACUEDUCTO DE AUGAS**

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de maio de 2018, a Jaime López Leis**,** para construción dunha vivenda unifamiliar, en Nespereira, nº 86, parroquia de Luiou (R.C.: 15083A501006080000KL), coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 18 de xuño de 2018, acordou aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte tres de maio de dous mil dezaoito, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 392,40 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 20/18.

Visto o escrito presentado por Jaime López Leis en data 6 de novembro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000008349, no que solicita un informe técnico onde se aclare se é necesario librar de cargas, en canto a unha canalización de auga soterrada, a parte da parcela cedida ao Concello (parcela nº 608 de Nespereira).

Visto o informe xurídico de data 1 de febreiro de 2019 e o informe técnico de data 1 de febreiro de 2019, a parcela matriz (parcela 608) da que se segrega a parcela de cesión, conta con unha servidume de augas por título de concentración parcelaria de Santa María de Luou, servidume de acueduto de augas soterradas en beneficio de distintas fincas as que chega a auga canalizada, que afecta tamén á parcela segregada cedida ao concello para pasar a formar parte do sistema xeral viario.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte tres de maio de dous mil dezaoito, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 392,40 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 20/18, coa afectación de servidume de acueduto de augas.

**Segundo**.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 7 de maio de 2018 (Lic. 20/18).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**6.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**

***6.1.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 201899900000296 do 07/12/2018)

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 21 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por María Dolores Losada García, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 7 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 201899900000296), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS EN MOUROMORTO", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Castro, nº 4, parroquia de Calo (S/R: 218318100155).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 448, de 16/01/2019).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a María Dolores Losada García, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-56/2018) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS EN MOUROMORTO", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Castro, nº 4, parroquia de Calo (S/R: 218318100155), de acordo co solicitado con data de 7 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 201899900000296).*

***Segundo*.-** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a María Dolores Losada García, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-56/2018) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS EN MOUROMORTO", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Castro, nº 4, parroquia de Calo (S/R: 218318100155), de acordo co solicitado con data de 7 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 201899900000296).**

**Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

***6.2.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, SDG, S.A. (rex. entrada nº 201899900000214 do 01/10/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 23 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Raquel Vallejo Labrador, en representación de NEDGIA GALICIA, SDG, S.A., de 1 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 201899900000214), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Montouto, nº 24 (Fundación Foltra), S/R.: GDE41018090006.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 565, de 23/01/2019).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Raquel Vallejo Labrador, en representación de NEDGIA GALICIA, SDG, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-58/2018) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Montouto, nº 24 (Fundación Foltra), S/R.: GDE41018090006, de acordo co solicitado con data de 1 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 201899900000214).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Raquel Vallejo Labrador, en representación de NEDGIA GALICIA, SDG, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-58/2018) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Montouto, nº 24 (Fundación Foltra), S/R.: GDE41018090006, de acordo co solicitado con data de 1 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 201899900000214).**

**Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

## 7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

### 7.1.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DNA. NATALIA SALGADO GONZÁLEZ.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

**"*PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 28/08/2018 por Dª. Natalia Salgado González, de devolución da garantía constituída para obra de construcción de vivenda unifamiliar en rua Ledín 74.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 23/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 25/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Natalia Salgado González, para obra de construcción de vivenda unifamiliar, por importe de **49.693,94€,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Natalia Salgado González, para obra de construcción de vivenda unifamiliar, por importe de 49.693,94€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.**

**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.2.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 19/06/2018 por D. Juan Carlos Fernández Fernández, de devolución da garantía constituída para obra de construcción de entrada a parcela en rúa Ledín 28.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 23/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 25/01/2019, favorable á devolución.*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Juan Carlos Fernández Fernández, para obra de construcción de entrada a parcela , por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.*

*Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Juan Carlos Fernández Fernández, para obra de construcción de entrada a parcela , por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.**

**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.3.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DNA. ISABEL LOUREIRO IGLESIAS.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 29/10/2018 por Dª. Isabel Loureiro Iglesias, de devolución da garantía de obra de canalización en parcela en Sestelo.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 23/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 25/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Isabel Loureiro Iglesias, para obra de canalización en parcela en Sestelo, por importe de **300,00€,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Isabel Loureiro Iglesias, para obra de canalización en parcela en Sestelo, por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.**

**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.4.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JOSÉ IGNACIO RODRÍGUEZ PARADELA.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 10/10/2018 por D. José Ignacio Rodríguez Paradela, de devolución da garantía constituída para obra de construcción de 7 vivendas e un edificio en Travesia Galanas ,Calo.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 23/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 25/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por José Ignacio Rodríguez Paradela, para obras de construcción de 7 vivendas e un edificio , por importe de **19.517,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por José Ignacio Rodríguez Paradela, para obras de construcción de 7 vivendas e un edificio , por importe de 19.517,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.**

**<u>Segundo</u>.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.5.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DNA. NIEVES FONTÁNS VITE.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

"***<u>PROPOSTA DE ALCALDÍA</u>***

*Vista a instancia presentada en data 13/11/2018 por Dª. Nieves Fontáns Vite, de devolución da garantía de obra de canalización de cuneta de acceso a parcela e Camiño da Pedra 18.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 23/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 25/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***<u>Primeiro</u>**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Nieves Fontáns Vite, para obra de canalización de cuneta para acceso a parcela en Camiño da Pedra, por importe de **200,00€,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.*

***<u>Segundo</u>**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Nieves Fontáns Vite, para obra de canalización de cuneta para acceso a parcela en Camiño da Pedra, por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.**

**<u>Segundo</u>.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.6.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. DANIEL REDONDO LOJO.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 30 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

**"*PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 08/01/2019 por D. Daniel Redondo Lojo, de devolución da garantía constituída para obra de construcción de vivenda unifamiliar en Solláns nº152.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 29/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 30/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Daniel Redondo Lojo, para obra de construcción dunha vivenda unifamiliar en Solláns , por importe de **11.807,18€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.*
***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Daniel Redondo Lojo, para obra de construcción dunha vivenda unifamiliar en Solláns , por importe de 11.807,18€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.**

**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.7.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. MARCOS BEIROA OTERO.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 30 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

**"*PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 03/12/2018 por D. Marcos Beiroa Otero, de devolución da garantía constituída para obra de construcción de soleira de formigon en fronte de parcela en Fornelos 49.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 22/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 30/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Marcos Beiroa Otero, para obra de construcción de soleira de formigón en fronte de parcela en Fornelos 49 , por importe de **200,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Marcos Beiroa Otero, para obra de construcción de soleira de formigón en fronte de parcela en Fornelos 49 , por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.**

**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**7.8.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DNA. SOCORRO BARBEIRO LISTE.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 30 de xaneiro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA DE ALCALDÍA***

*Vista a instancia presentada en data 10/01/2018 por Dª. Socorro Barbeito Liste, de devolución da garantía de obra de reparación de canalización soterrada baixo pista en Casalonga nº72.*

*Visto o informe do técnico municipal, de data 25/01/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.*

*Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 30/01/2019, favorable á devolución.*

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro***.- *Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª. Socorro Barbeito Liste, para obra de reparación de canalización soterrada baixo pista en Casalonga nº72 , por importe de* ***100,00€,*** *devolvéndoselle a citada fianza á interesada.*

***Segundo***.- *Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª. Socorro Barbeito Liste, para obra de reparación de canalización soterrada baixo pista en Casalonga nº72 , por importe de 100,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.**

**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

## 8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## 9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.03.15 13:11:44 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-HW-KUSU, cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ, serialNumber=76967703C, ou=certificado electrónico de empleado público, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.03.15 12:23:59 +01'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2015.023.20053

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 3/18**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 18 DE FEBREIRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 18 de febreiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
2. **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DO ICIO POR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE ASCENSORES**

4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN DE ANULACIÓN DE LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DE ICIO**
5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCION DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2019**
6. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL, SOCIAL E DE IGUALDADE, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2019**
7. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
8. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## 1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***1.1.*** **A JOSÉ MANUEL GOSENDE IGLESIAS,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en "Agro das Pozas", Sebe, R.C.: 15083A063000280000LX, segundo proxecto redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira.
Expediente núm: **5/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira: proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 11 de agosto de 2017.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente aval bancario da entidade "Abanca", por importe de 9.863,22 euros, como garantía da correcta execución das obras de urbanización.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor.**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, Residencial de baixa densidde en tipoloxía exenta
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: David Fernández Nogueira
-Arquitecto/a técnico/a director/a: María Ángeles Gayazzo Rodríguez

-Coordinador/a de seguridade e saúde: María Ángeles Gayazzo Rodríguez
-Edificabilidade: 0,15 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B+1 6,06 m
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 8,93 %
Recuamento á aliñación: 5,00 m
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: 22º
Altura do cumio: 2,00 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 prazas
-Presuposto: 135.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.700,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 150,68 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.970,68 euros.

***1.2.*** **A MARÍA DOLORES CASAL IGLESIAS,** licenza para obras de conservación e restauración dun hórreo e un pombal (Expte. electrónico 2018/U022/000010), en Bustelo, nº 88, parroquia de Luou, R.C.: 000502000NH33G0001FD, segundo proxecto redactado pola arquitecta Ana Isabel Piñeiro Esperante.
Expediente núm: **6/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Ana Isabel Piñeiro Esperante: proxecto de conservación e restauración dun hórreo e un pombal.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U. - Patrimonio, expte. 1618/18, autorizando as obras, debendo, en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegar á Xefatura territorial una memoria final asinada polo técnico director das obras na que se documente todo proxecto, e na que se incorporará una reportaxe fotográfica do estado anterior e posterior á intervención.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

b) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

c) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

-Presuposto: 3.603,13 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 72,06 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 132,06 euros.

**A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

***1.3.-*** Escrito presentado por Tamara Gómez Rial e Manuel Ángel Abuín Boullón, en data 3 de decembro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 8.828 (Expte. electrónico 2018/U007/000009), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 4 de febreiro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 14 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **TAMARA GÓMEZ RIAL e MANUEL ÁNGEL ABUÍN BOULLÓN,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-518-05/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en O Casal de Reis, nº 41, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510006320000SF, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 53/15, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21.12.2015.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

***1.4.-*** Escrito presentado por Mercedes Carballo Feros, representada por Mª Argimira Iglesias Balo, en data 3 de novembro de 2017, con rexistro de entrada no Concello núm. 9.523, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 5 de febreiro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 14 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **MERCEDES CARBALLO FEROS ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-496-06/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Sebe, nº 112, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503005760000SI, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 76/12, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.04.2012.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

**2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:**
**2.1.- LICENZA 20/12**

Escrito presentado por María Isabel García Somoza, en data 5 de febreiro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000000822, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a

regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 20/12, xuntando escritura pública de data trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, do notario Nelson Rodicio Rodicio, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de febreiro de 2012, a María Isabel García Somoza**,** para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Casal de Reis, nº 38, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510006300000SL, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 110,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, do notario Nelson Rodicio Rodicio, dunha superficie de 110,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 20/12.

**Segundo**.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 6 de febreiro de 2012 (Lic. 20/12).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**2.2.- LICENZA 296/05.**

Escrito presentado por José Ignacio Rodríguez Paradela, en representación da empresa Construcciones Rodríguez y Otero –Croher S.L., en data 8 de febreiro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000000925, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 296/05, xuntando unha escritura pública de data vinte cinco de xaneiro de 2017, do notario Antonio Fernández Naveiro, na que se recolle a cesión e unha segunda escritura, de data trinta de maio de dous mil dezasete, do notario Francisco López Moledo, que emenda e complementa a anterior, en relación a superficie de cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de outubro de 2005, a Luciano Rodríguez Paradela, en representación de Construcciones Croher, S.L.**,** para construción de sete vivendas unifamiliares adosadas e un edificio para oito vivendas, en Fixó, parroquia de Calo, coa condición, entre outras, de presentar previamente escrito de cesións obrigatorias.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 1.735,25 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de trinta de maio de dous mil dezasete, do notario Francisco López Moledo, que emenda e complementa a escritura pública de data vinte cinco de xaneiro de 2017, do notario Antonio Fernández Naveiro, dunha superficie de 1.735,25 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 296/05.

**Segundo**.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición para o seu trámite oportuno.

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

## 3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DO ICIO POR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE ASCENSORES

### 3.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO POR OBRA DE CONSTRUCCION DE ASCENSORES Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA CARBALLO 13

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14 de febreiro de 2019 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data 18/06/2018 no rexistro de entrada con nº 4754 por Dª Rosa Maria Rey Abeijon, en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA CARBALLO 13, pola cal solicita que se bonifique a cota tributaria do ICIO correspondente á obra de instalación de tres ascensores cuxo orzamento ou base impoñible ascendeu a 160.488,00€ cun ICIO aprobado e ingresado por importe de 3.209,76€.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto en data 13/02/2019.

Considerando o disposto no artigo 103.2do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO así como o RD 520/2005, de 13 de maio, de revisión en via administrativa.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Estimar a solicitude prantexada pola interesada e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de tres ascensores,co seguinte resumo:

Base impoñible:160.488,00€

Tipo de gravámen:2%.-icio de 3.209,76€

**Bonificación:10%=16.048,80€, limite do 30% do icio: 962,93€ a devolver.**

**Segundo:** Dar conta do presente acordo á interesada, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.".

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro: Estimar a solicitude prantexada pola interesada e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de tres ascensores,co seguinte resumo:**

**Base impoñible:160.488,00€**

**Tipo de gravámen:2%.-icio de 3.209,76€**

**Bonificación:10%=16.048,80€, limite do 30% do icio: 962,93€ a devolver.**

**Segundo: Dar conta do presente acordo á interesada, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.**

**3.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO POR OBRA DE CONSTRUCCION DE ASCENSORES Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA AMENEIRO 17**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14 de febreiro de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data 08/11/2018 no rexistro de entrada con nº 8357 por D. Emilio Morete Arcay, en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA AMENEIRO 17,

pola cal solicita que se bonifique a cota tributaria do ICIO correspondente á instalación de ascensores cuxo orzamento ascendeu a 130.000€

Visto o informe de intervención favorable emitido ao respecto en data 13/02/2019.

Considerando o disposto no artigo 103.2do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO .

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de ascensores co seguinte resumo:

Base impoñible:130.000,00€

Tipo de gravámen:2%=2.600 €

**Bonificación:10%=1.300€ co límite do 30% de 2.600=780, bonificación a aplicar.**

**Toda vez que o ICIO figura pendente de ingreso , a cantidade definitiva a ingresar polo citado imposto ascendería a 1.820€ que agora se aproba.**

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL."

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro: Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de ascensores co seguinte resumo:**

**Base impoñible:130.000,00€**

**Tipo de gravámen:2%=2.600 €**

**Bonificación:10%=1.300€ co límite do 30% de 2.600=780, bonificación a aplicar.**

**Toda vez que o ICIO figura pendente de ingreso, a cantidade definitiva a ingresar polo citado imposto ascendería a 1.820€ que agora se aproba.**

**Segundo: Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.**

**4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN DE ANULACIÓN DE LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DE ICIO**

Vista a documentación obrante no expediente e detectado algún erro na mesma, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda que se proceda á revisión da documentación que integra o expediente co obxecto de verificar a corrección da mesma.

**5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCION DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2019**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 12 de febreiro de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para 2019.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 12/02/2019.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para 2019, que se reflicten de seguido:

(...)

**Segundo.-** Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello**.".**

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para 2019, que se reflicten de seguido:**

---

**BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCION DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2019**

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade entre homes e mulleres e de prevención e loita contra a violencia de xénero:, organizadas ou promovidas por asociacións veciñais de igualdade e benestar durante ano 2019, con cargo á partida **230/480.00** do Orzamento de 2019, por un importe total de **3.000 euros**.

**2ª.-BENEFICIARIOS/AS**

1.-Serán beneficiarias ás asociacións veciñais, de igualdade e de benestar con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo que desenvolvan actividades de promoción da igualdade entre homes e mulleres, que para esta convocatoria entenderanse:

- Actividades de sensibilización e fomento da igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.
- Obradoiros en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de condutas en materia de conciliación, responsabilidade doméstica e de coidado.
- Accións relacionadas coa saúde da mulleres e o seu benestar xeral: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudables; detección precoz de enfermidades; trastornos da alimentación; relacións afectivo-sexuais; autoestima e imaxe corporal; fomento da práctica de actividades físicas...
- Formación en linguaxe non sexista.
- Campañas a prol do xoguete non sexista. Actividades de sensibilización sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas.
- Accións de apoio ao aleitamento materno.
- Actividades de información e sensibilización sobre roles e estereotipos de xénero, a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado.

• Accións sobre educación na igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres.

• Actividades para visibilizar o papel das mulleres na historia, na arte, literatura, política, ciencia, deporte...

• Actividades que promovan a participación dos homes de todas as idades na consecución da igualdade real.

**Prevención e loita contra a violencia de xénero:**

• Actividades de formación/información, sensibilización e prevención da violencia de xénero: obradoiros de formación na violencia de xénero; actos ou campañas de sensibilización;

actos conmemorativos do 25 de novembro, Día internacional para combater a violencia de xénero...

• Calquera outra acción dirixida á erradicación da violencia de xénero.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza das actividades subvencionadas (campañas, cursos, talleres, xornadas, seminarios, obradoiros, charlas, publicidade, etc.) e sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2019.

2. As actividades excluídas destas subvencións e que non poderán ser obxecto da mesma son:

a) As actividades para as que se solicitara subvencións noutras áreas ou departamentos do Concello, ou aquelas outras que teñan unha vía máis específica de subvención en ditas áreas ou departamentos (actividades ocupacionais diversas)

b) Viaxes de carácter lúdico ou cultural.

c) Festas e outras actividades semellantes.

d) Aluguer de locais e mantemento destes.

e) Compra de bens inventariables.

f) Gastos estruturais da entidade beneficiaria.

g) Pinchos, cafés ou gastos similares.

h) Adquisición de obsequios e agasallos.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos e sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3. Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

• Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.

• Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

• Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

• Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.

• Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

• Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes **obrigas:**

• Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.

- Comunicar ao Concello de Teo o inicio das mesmas.

• Acreditar diante do Concello de Teo a realización da actividade, proxecto e cumprimento do seu fin. Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.

• Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.

• Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.

• Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.

• Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

## 3ª.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Teo, que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e as prazas ofertadas para a mesma.

b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.

c) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

d) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes deberán conter unha ficha de cada actividade. Esta ficha terá os datos completos da actividade e os datos de financiamento da mesma (anexo II) e unha ficha para a entidade (anexo I). Casa entidade deberá indicar para que concepto se pide a axuda.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

## 4ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 30% da contía globlal.

## 5ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleiro delegado de Benestar e Igualdade nos prazos indicados nas presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: A concelleiro da área de benestar e igualdade
- Un/unha técnico/a da área de Participación ou área afín.
- Concelleira de Cultura e Educación do concello de Teo

A comisión será o encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

## 6ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como **criterios de valoración** das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva os seguintes:

| **CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE** | **ATA 25 PUNTOS** |
|---|---|
| Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Teo) | Ata 10 puntos |
| Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Teo | Ata 10 puntos |
| Pola primeira actividade | 5 puntos |
| | |

| **CRITERIOS TRANSVERSAIS** | **ATA 35 PUNTOS** |
|---|---|
| Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento da actividade | Ata 5 puntos |

| | |
|---|---|
| Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social | Ata 10 puntos |
| Déficit de actividades análogas no territorio de influencia | Ate 10 puntos |
| Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade | Ata 5 puntos |
| Grao de innovación da actividade | Ate 10 puntos |
| | |

**7ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS**

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionables de acordo da base 2ª desta convocatoria

**8ª.-COMPROMISOS**

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

**9ª.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 30/11/2019.

**A xustificación dos gastos** conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **deberá incluír:**

• Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade vecinal: "ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE TEO".

• Xustificantes do pagamento das facturas:

- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.

- No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.

• Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal. O modelo atópase na páxina web www.Teo.es, sección de

Administración: Trámites: Descarga de impresos: Tesourería: Alta ou baixa de datos bancarios.

• Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

• Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados con cada actividade subvencionada, segundo anexo III

Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

• Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade Anexo IV

. Relación de ingresos da entidade segundo anexo V

• Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas.Contera todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarase o cambio.

A**dmitiranse como gastos subvencionables** os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarase copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

**As subvencións xustificaranse antes do 30 de novembro de 2019**. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2019. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma**. A non presentación da conta xustificativa dentro do exercicio 2019 dará lugar á pérdida da subvención.**

**Non serán gastos subvencionables**:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

**10ª.-CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR**

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

**11ª.-RÉXIME XURÍDICO**

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

**12ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE**

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberan sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2019 a seguinte lenda “co apoio do concello de Teo”, seguido do escudo oficial do mesmo.

Teo, 7 de febreiro de 2019.O Concelleiro delegado de Benestar e Igualdade Ignacio Iglesias Villar

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

Concellaría de Benestar e Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE

ANO
2019

**ANEXO I - SOLICITUDE**

| **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** | |
|---|---|
| NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura) | CIF: |
| | |
| ENDEREZO | CP: |
| | |
| TELÉFONO/S | |
| | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO: | |
| | |
| NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE | NIF |
| | |
| **Nº DE CONTA BANCARIA** | |
| TITULAR DA CONTA | |
| Nº DE CONTA (con IBAN - 24 díxitos) | |

**DECLARACIÓN XURADA**

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións

2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria

3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributais e da seguridade social

4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

5) Que SI ☐ NON ☐ (marcar o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____€

6) A entidade á que represento non está incursa en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, de de

A persoa representante da entidade

Asdo.

Alcalde do Concello de Teo

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

Concellería de Benestar e Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE

ANO 2019

**ANEXO II - MEMORIA DAS ACTIVIDADES**

| **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** | |
|---|---|
| ENTIDADE | CIF |
| ENDEREZO | CP |
| TELÉFONO/S | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO. | |
| REPRESENTANTE | NIF |
| Nº DAS PERSOAS SOCIAS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén) : | |

| |
|---|
| ACTIVIDADE (Nome do proxecto) |
| |
| DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte) |
| |
| DATA/S DE REALIZACIÓN |
| |
| PERSOAS DESTINATARIAS |
| |
| ORZAMENTO: |
| **Gastos:** |
| **Ingresos previstos:** |
| **Contía solicitada:** |

| |
|---|
| ACTIVIDADE (Nome do proxecto) |
| |
| DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte) |
| |
| DATA/S DE REALIZACIÓN |
| |
| PERSOAS DESTINATARIAS |
| |
| ORZAMENTO: |
| **Gastos:** |
| **Ingresos previstos:** |
| **Contía solicitada:** |

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DE IGUALDADE

ANO 2019

**ANEXO III - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

**RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS**

ENTIDADE:

CIF:

NOME DA ACTIVIDADE:

| TIPO DE ACTIVIDADE - BREVE DESCRIPCIÓN (indicar nº de persoas participantes) | DATA | Ingresos | Gastos | Subvención |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Teo, de de

A/O presidenta/e
Asdo.

A/O tesoureira/o

Alcalde do Concello de Teo

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

Concelleriade Benestar e Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES DE IGUALDADE

ANO 2019

**ANEXO IV- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

| **I-XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS (Unha por cada actividade)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ENTIDADE: | | | | | |
| CIF: | | | | | |
| NOME DA ACTIVIDADE : | | | | | |
| Provedor | Nº factura | Data da factura | Concepto | Data do pagamento | Importe |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Teo, de de

A/O presidenta/e A/O tesoureira/o

Asdo.

Alcalde do Concello de Teo

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

CONCELLO DE
TEO

SUBVENCIÓN IGUALDADE

**ANEXO V- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

| **- XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DA ENTIDADE** | | |
|---|---|---|
| ENTIDADE: | | |
| CIF: | | |
| NOME DA ACTIVIDADE: | | |
| CONCEPTO | PROCEDENCIA | € |
| Achega das persoas socias | Por cotas | € |
| Subvencións do Concello de Teo | Describir a procedencia | |
| | | € |
| | | € |
| | | € |
| Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas | Describir a procedencia | |
| | | € |
| | | € |
| | | € |
| Outros ingresos (de ser o caso) | Describir a procedencia | |
| | | € |
| | | € |
| | | € |
| | IMPORTE TOTAL | € |

Teo, de de

A/O presidenta/e A/O tesoureira/o

Asdo.

**<u>Segundo</u>- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.**

**6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL, SOCIAL E DE IGUALDADE, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2019**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 12 de febreiro de 2019 que se recolle a continuación:

**"<u>PROPOSTA DE ALCALDÍA</u>**

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a asociacións de ambito vecinal, social e de igualdade para 2019.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 12/02/2019.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

**<u>Primeiro</u>**.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a asociacions de ambito vecinal, social e de igualdade para 2019, que se reflicten de seguido:

(...)

**<u>Segundo</u>**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a asociacions de ambito vecinal, social e de igualdade para 2019, que se reflicten de seguido:**

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS DO AMBITO VECIÑAL, SOCIAL E DE IGUALDADE, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2019**

## 1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións veciñais de igualdade e benestar durante ano 2019, con cargo á partida **924/480.00** do Orzamento de 2019, por un importe total de **7.500 euros**.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da inclusión social de persoas e colectivos, así como o fomento de actividades que melloren o benestar social e comunitario de todos os veciños e veciñas do concello de Teo.

## 2ª.-BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarias ás asociacións veciñais, de igualdade e de benestar con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten a participación cidadá como medio de mellora da calidade de vida e das relacións veciñais e que se potencie o desenvolvemento das persoas, das aldeas e das parroquias do Concello de Teo mediante actividades de carácter lúdico, social, culturas ou tempo libre. So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os/as veciños/as con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo.

2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

• Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.

• Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

• Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

• Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.

• Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

• Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes **obrigas:**

• Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.

• Comunicar o inicio ou celebración das actividades subvencionadas con anterioridade a súa celebración, así como acreditar diante do Concello de Teo a realización da actividade na correspondente memoria.

- Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.

• Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.

• Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.

• Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.

• Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

## 3ª.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes actividades realizadas dentro do territorio do concello de Teo no ano 2019:

• De tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobic, etc.

• De ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.

• De tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, conferencias, coloquios, etc.

- De actividades de interese patrimonial, medio ambiental ou de rutas.

- Celebracións tradicionais como magostos, cacharelas, entroido, etc.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos, nin de sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**4ª.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Teo, que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades programadas e as prazas para cada unha.

b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.

c) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos. No caso de non tela depositado con anterioridade ou de ter cambiado.

d) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Esta declaración esta incluída no anexo I.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes deberán conter unha ficha para a entidade (anexo I) e unha ficha de cada actividade para a que solicita subvención. Esta ficha terá os datos completos da actividade e os datos de financiamento da mesma (anexo II). Cada entidade deberá indicar para que concepto se pide a axuda.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

**5ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS**

**En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.**

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 30% da contía global.

**6ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

As solicitudes dirixiranse á Concelleiro delegado de Benestar e Igualdade nos prazos indicados nas presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: A concelleiro da área de benestar e igualdade
- Un/unha técnico/a da área de Participación ou área afín.
- Concelleira de Cultura e Educación do concello de Teo

A comisión será o encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

## 7ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como **criterios de valoración** das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva, os seguintes:

Valoración da actividade en Xeral da Entidade

| **CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE** | **ATA 35 PUNTOS** |
|---|---|
| Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Teo) | Ata 10 puntos |
| Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Teo | Ata 10 puntos |
| Pola primeira actividade | 10 puntos |
| Pola segunda actividade | 5 puntos |
| | |

| **CRITERIOS TRANSVERSAIS** | **ATA 60 PUNTOS** |
|---|---|
| Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento da actividade | Ata 5 puntos |
| Actividades comunitarias para celebrar festas tradicionais | Ata 10 puntos |
| Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social | Ata 10 puntos |
| Déficit de actividades análogas no territorio de influencia | Ate 10 puntos |
| Colectivos ao que se dirixe a actividade (xuventude, muller, terceira idade) Estas actividades deberán ter como destinatarios específicos estes colectivos. | Ata 10 puntos |
| Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade | Ata 5 puntos |
| Grao de innovación da actividade | Ate 10 puntos |
| | |

## 8ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionadas de acordo do punto 2 desta convocatoria

**9ª.-COMPROMISOS**

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

**10ª.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 15/11/2019.

**A xustificación dos gastos** conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **debera incluír:**

• Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: "ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE TEO".

• Xustificantes do pagamento das facturas:

- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.

- No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.

• Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal. O modelo atópase na páxina web www.Teo.es, sección de Administración: Trámites: Descarga de impresos: Tesourería: Alta ou baixa de datos bancarios.

• Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Sobre a execución das actividades subvencionadas deberá achegarse:

• Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados coa actividade subvencionada:anexo III

Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión

e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

• Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade anexo IV

9. Datos xerais dos ingresos da entidade segundo anexo V

• Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas.Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarase o cambio.

Admitiranse como **gastos subvencionables** os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarase copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

**As subvencións xustificaranse antes do 30 de novembro de 2019**. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2019. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma**. A non presentación da conta xustificativa dentro do exercicio 2019 dará lugar á pérdida da subvención.**

**Non serán gastos subvencionables**:

— Os xuros debedores de contas bancarias.
— Os xuros, recargos e sancións administrativas.
— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

## 11ª.-CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

**12ª.-RÉXIME XURÍDICO**

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

**13ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE**

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberan sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2019 a seguinte lenda “co apoio do concello de Teo”, seguido do escudo oficial do mesmo.

Teo, 7 de febreiro de 2019.

O Concelleiro delegado de Benestar e Igualdade Ignacio Iglesias Villar

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

Concellaría de Benestar e Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE INTERESE COMUNITARIO

**ANEXO I – SOLICITUDE ANO 2019**

| **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** | |
|---|---|
| NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura) | CIF: |
| | |
| ENDEREZO | CP: |
| | |
| TELÉFONO/S | |
| | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO: | |
| | |
| NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE | NIF |
| | |

| **Nº DE CONTA BANCARIA** |
|---|
| TITULAR DA CONTA |
| Nº DE CONTA (con IBAN - 24 díxitos) |

**DECLARACIÓN XURADA**

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións

2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria

3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributais e da seguridade social

4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

5) Que SI ☐ NON ☐ (marcar o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____€

6) A entidade á que represento non está incursa en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, de

A persoa representante da entidade

Asdo.

Alcalde do Concello de Teo

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

Concellaría de Benestar e Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES PARA
ACTIVIDADES DE INTERESE COMUNITARIO 2019

**ANEXO II - MEMORIA DAS ACTIVIDADES**

| **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** | |
|---|---|
| ENTIDADE | CIF |
| ENDEREZO | CP |
| TELÉFONO/S | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO. | |
| REPRESENTANTE | NIF |
| Nº DAS PERSOAS SOCIAS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén) : | |

| |
|---|
| ACTIVIDADE (Nome do proxecto) |
| |
| DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte) |
| |
| DATA/S DE REALIZACIÓN |
| |
| PERSOAS DESTINATARIAS |
| |
| ORZAMENTO: |
| **Gastos:** |
| **Ingresos previstos:** |
| **Contía solicitada:** |

| |
|---|
| ACTIVIDADE (Nome do proxecto) |
| |
| DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte) |
| |
| DATA/S DE REALIZACIÓN |
| |
| PERSOAS DESTINATARIAS |
| |
| ORZAMENTO: |
| **Gastos:** |
| **Ingresos previstos:** |
| **Contía solicitada:** |

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE INTERESE COMUNITARIO

ANEXO III - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

**RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS**

ENTIDADE:

CIF:

NOME DA ACTIVIDADE:

| TIPO DE ACTIVIDADE - BREVE DESCRIPCIÓN (indicar nº de persoas participantes) | DATA | Ingresos | Gastos | Subvención |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Teo, de de

A/O presidenta/e

A/O tesoureira/o

Asdo.

Alcalde do Concello de Teo

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

Concelleriade Benestar e Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES VECIÑAIS

**ANEXO IV- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

**(Unha por actividade)** ANO 2019

| **XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DE ACTIVIDADES** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ENTIDADE: | | | | | |
| CIF: | | | | | |
| NOME DA ACTIVIDADE : | | | | | |
| Provedor | Nº factura | Data da factura | Concepto | Data do pagamento | Importe |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Teo, de de

A/O presidenta/e A/O tesoureira/o

Asdo.

Alcalde do Concello de Teo

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE INTERESE COMUNITARIO

**ANEXO V**

| **- XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DA ENTIDADE** | | |
|---|---|---|
| ENTIDADE: | | |
| CIF: | | |
| NOME DA ACTIVIDADE: | | |
| CONCEPTO | PROCEDENCIA | € |
| Achega das persoas socias | Por cotas | € |
| Subvencións do Concello de Teo | Describir a procedencia | |
| | | € |
| | | € |
| | | € |
| Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas | Describir a procedencia | |
| | | € |
| | | € |
| | | € |
| Outros ingresos (de ser o caso) | Describir a procedencia | |
| | | € |
| | | € |
| | | € |
| | IMPORTE TOTAL | € |

Teo, de de

A/O presidenta/e A/O tesoureira/o

Asdo.

**<u>Segundo</u>- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.**

## 7.-PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## 8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.03.15 13:13:05 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-HW-KUSU, cn=VIRGINIA FRAGA DIAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DIAZ, serialNumber=76967703C, ou=certificado electrónico de empleado público, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.03.15 11:22:24 +01'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.010.20098

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 4/18**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 4 DE MARZO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 4 de marzo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Non asiste, previa escusa:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria acctal**: D.ª Sandra Mª García Chenlo, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS**

**2. TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 24/18**

**3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

**4. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

**A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN**

***1.1.-*** Escrito presentado por Ana María Arias Díaz, en data 7 de febreiro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000000920 (Expte. electrónico 2019/U007/000003), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 25 de febreiro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 28 de febreiro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **ANA MARÍA ARIAS DÍAZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-522-07/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Tras do Eixo, nº 20, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503002140000SF, segundo obras executadas en base ás licenzas municipais núms. 42/16 e 19/17, concedidas, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data, respectivamente, 17.08.2016 e 17.07.2017.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 120,00 €

**B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.**

***1.2.-*** Visto que na licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de abril de 2018, expte. 17/18, a **ELISA LODEIRO VÁZQUEZ,** para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en A Grela, nº 14, parroquia de Lampai, R.C.: 15083B508000640000ST, segundo proxecto redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, existe un erro en canto á situación da construción.

Na citada licenza recóllese o seguinte:
*"*construción dunha vivenda unifamiliar illada, en A Grela, nº 14, parroquia de Lampai*"*

Cando o correcto sería:
"construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Agrela, nº 14, parroquia de Calo*"*

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:
**Primeiro**.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de abril de 2018, de xeito que ***onde pon***: *"*construción dunha vivenda unifamiliar illada, en A Grela, nº 14, parroquia de Lampai*", **debe poñer***: "construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Agrela, nº 14, parroquia de Calo*".*
**Segundo**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 24/18**

Escrito presentado por María del Carmen Iglesias Casas, en data 22 de febreiro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000001160, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de febreiro de 2019.
Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xullo de 2018, a Mª del Carmen Iglesias Casas**,** para segregación (catro parcelas) da finca núm. 1748 da concentración parcelaria de Calo, en Osebe, R.C.: 15083B508017480000SJ, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.
A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 161,00 metros cadrados.
Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Finca número 36666 da concentración parcelaria de San Juan de Calo, unha superficie de cento sesenta e un metros cadrados, inscrición: 2ª, Tomo: 952, libro: 370, folio 33, Código Rexistral Único: 15013001117839.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte seis de setembro de dous mil dezaoito, do notario Marcelino Estévez Fernández, dunha superficie de 161 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 2 de xullo de 2018, expte. 24/18.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xullo de 2018, a Mª del Carmen Iglesias Casas, para segregación (catro parcelas) da finca núm. 1748 da concentración parcelaria de Calo, en Osebe, R.C.: 15083B508017480000SJ.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.03.11 09:42:25 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO - 76872418R
Firmado digitalmente por SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO - 76872418R
Fecha: 2019.03.11 09:38:04 +01'00'

Sandra Mª García Chenlo

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 5/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 18 DE MARZO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 18 de marzo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 04.02.19, 18.02.19 E 04.03.19**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 04.02.19, 18.02.19 E 04.03.19**

*Acta da sesión ordinaria do día 4 de febreiro de 2019*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 4 de febreiro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión ordinaria de 18 de febreiro de 2019*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 18 de febreiro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión ordinaria de 4 de marzo de 2019*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 4 de marzo de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***2.1.*** **A DAMIÁN MAGÁN IGLESIAS,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Paredes, parroquia de Lucí, R.C.: 15083A145012160000TR, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez.

Expediente núm: **7/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 6 de xullo de 2018 e 4 de decembro de 2018.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente xustificante de ingreso a Augas de Teo, da entidade "Abanca", por importe de 877,56 euros, en concepto de acometida abastecemento e saneamento (2887/19).
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor.**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición

da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición

realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: José Luis Estévez Suárez
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Jesús Manuel Esturao Pena
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Jesús Manuel Esturao Pena
-Edificabilidade: 0,16 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B 3,89 m
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 36,71 %

Recuamento á aliñación: 3,04 m á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,67 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 2,64 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza
-Presuposto: 102.490,60 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.049,81 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 105,15 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.274,96 euros.

***2.2.-*** **A EMILIO TOMÁS MORETE ARCAY,** en representación da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA AMENEIRO, Nº 17, OS TILOS**, licenza para instalación de dous ascensores no edificio de vivendas sito na rúa Ameneiro, nº 17, Urbanización Os Tilos, parroquia de San Francisco de Asis (Expte. electrónico 2018/U022/000013), segundo proxecto redactado polo arquitecto Sebastián Rios Ernst.
Expediente núm: **8/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Sebastián Rios Ernst: proxecto básico e de execución para instalación de dous ascensores, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 5 de xullo de 2018 e modificado visado o 7 de agosto de 2018.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 2086, de 03/04/2019).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-3/2019) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "BTS EN ALDEA OLVEIRA (TEO)", a fin de ampliar a potencia en Olveira, desde o nº 19 ata o nº 55, parroquia de Reis (S/R:*

*218318090114), de acordo co solicitado con data de 4 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000060).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-3/2019) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "BTS EN ALDEA OLVEIRA (TEO)", a fin de ampliar a potencia en Olveira, desde o nº 19 ata o nº 55, parroquia de Reis (S/R: 218318090114), de acordo co solicitado con data de 4 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000060).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

**5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 20/18**

Escrito presentado por Jaime López Leis, en data 5 de abril de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000002173, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación, coa afectación de servidume de acueduto de augas, fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de febreiro de 2019.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de maio de 2018, a Jaime López Leis**,** para construción dunha vivenda unifamiliar, en Nespereira, nº 86, parroquia de Luiou (R.C.: 15083A501006080000KL), coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 392,40 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca de Teo número 36652, resultante da segregación da finca nº 608 da concentración parcelaria de Santa María de Luou, cunha superficie de trescentos noventa e dous metros e corenta decímetros cadrados, inscrición: 2ª, Tomo: 950, libro: 369, folio 180, Código Rexistral Único: 15013001117464.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte tres de maio de dous mil dezaoito, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 392,40 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 7 de maio de 2018, expte. 20/18.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de maio de 2018, a Jaime López Leis, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Nespereira, nº 86, parroquia de Luou R.C.: 15083A501006080000KL.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**6.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:**
***6.1.*- LICENZA 52/16.**
Escrito presentado por Iria Fernández Franqueiro, en data 9 de abril de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000002213, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 52/16, xuntando escritura pública de data vinte cinco de marzo de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de outubro de 2016, a Iria Fernández Franqueiro e Ismael Aldrey Peleteiro**,** para obras de demolición e construción dunha vivenda unifamiliar en Penelas, nº 96, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515011580000KQ, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 34,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte cinco de marzo de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 34,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 52/16.

**Segundo**.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 17 de outubro de 2016 (Lic. 52/16).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

***6.2.*- LICENZA 28/17**

Escrito presentado por Gerardo Pampín Cao, en data 9 de abril de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000002233, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 28/17, xuntando escritura pública do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de novembro de 2017, a Gerardo Pamín Cao**,** para obras de reforma e ampliación de residencia de persoas maiores, en Cepeda, nº 4, parroquia de Oza, R.C.: 15083B507050420001DP, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 453,37 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 453,37 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 28/17.

**Segundo**.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 20 de novembro de 2017 (Lic. 28/17).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

## 7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LEVANTAMENTO DE CONDICIÓN DO EXPTE. 11/18. LEGALIZACIÓN NAVE RÚA CLARA CAMPOAMOR, 7 – MONTOUTO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 11 de abril de 2019 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Considerando a licenza concedida pola Xunta de Goberno local, de 5 de marzo de 2018, no expediente da licenza para legalización dunha nave existente en rúa Clara Campoamor, nº 7, Montouto, parroquia de

Cacheiras (R.C.: 15083A060001480001BH), que fora autorizada nos exptes. 244/11 e 114/12, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data, respectivamente, 7 de novembro de 2011 e 4 de xuño de 2012 (acordos anulados pola sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela de 3 de marzo de 2015 (proc. Ordinario 506/2012), confirmada polo TSXG o 28 de xaneiro de 2016 (recurso de apelación nº 4331/2015)), concedéndose pola Xunta de Goberno Local a licenza

definitiva de actividade (AP11/2011 e AP6/2012) na sesión de 15 de abril de 2013.

Expediente núm.: **11/18.**

Considerando que, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 5 de marzo de 2018, a eficacia do acordo de concesión de licenza *"queda condicionado á decisión xudicial que se adopte polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago no incidente de inexecución, que se terá que promover ao efecto, da sentenza, de 3 de marzo de 2015 (PO506/2012)".*

Visto o Auto 127/18, do 28 de decembro do 2018, do Xulgado Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela (rex. entrada nº 259, do 11/01/2019), segundo o cal se estima o incidente de inexecución da sentenza de 3 de marzo de 2015, ditada no procedemento ordinario nº 506/2012.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Levantar, polo seu cumprimento, a condición á que se suxetou a eficacia do acordo de concesión de licenza adoptado pola Xunta de Goberno Local do 5 de marzo de 2018, no expediente da licenza para legalización dunha nave existente en rúa Clara Campoamor, nº 7, Montouto, parroquia de Cacheiras (R.C.: 15083A060001480001BH), que fora autorizada nos exptes. 244/11 e 114/12, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data, respectivamente, 7 de novembro de 2011 e 4 de xuño de 2012 (acordos anulados pola Sentenza do XCA nº 2 de Santiago, de 3 de marzo de 2015, cuxa inexecución se estimou polo Auto 127/18, do 28 de decembro, do citado órgano xurisdicional).

**Segundo**.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes.

**Terceiro**.- Dar traslado Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. ".

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Levantar, polo seu cumprimento, a condición á que se suxetou a eficacia do acordo de concesión de licenza adoptado pola Xunta de Goberno Local do 5 de marzo de 2018, no expediente**

**da licenza para legalización dunha nave existente en rúa Clara Campoamor, nº 7, Montouto, parroquia de Cacheiras (R.C.: 15083A060001480001BH), que fora autorizada nos exptes. 244/11 e 114/12, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data, respectivamente, 7 de novembro de 2011 e 4 de xuño de 2012 (acordos anulados pola Sentenza do XCA nº 2 de Santiago, de 3 de marzo de 2015, cuxa inexecución se estimou polo Auto 127/18, do 28 de decembro, do citado órgano xurisdicional).**
**<u>Segundo</u>.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes.**
**<u>Terceiro</u>.- Dar traslado Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela.**

**8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESION DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL, SOCIAL E DE IGUALDADE, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2019**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de abril de 2019 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 18/02/2019 as bases da convocatoria de subvencións do ámbito veciñal, social e de igualdade, polas actividades realizadas en 2019, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº40 de data 20/02/2019..
Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 05/04/2019.
Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 08/04/2019.
E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,
PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:
**<u>Primeiro.</u>**- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 05/04/2019 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

| ENTIDADE | PUNTOS | LIMITE MAX | CONCEDIDO |
|---|---|---|---|
| AV CARBALLEIRA | 57 | 2250€ | 1690€ |
| MULLERES RURAIS | 57 | 2250€ | 1690€ |
| O CASTRO DE RECESENDE | 40 | 840€ | 840€ |
| O CACHÓN | 51 | 600€ | 600€ |
| AAVV A RAMALLOSA | 62 | 660€ | 660€ |
| ENTREASPONTES | 50 | 300€ | 300€ |
| A CRUCEIRO DE MONTE | 58 | 2250€ | 1720€ |
| TOTAL | 375 | | 7.500€ |

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos".

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 05/04/2019 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:**

| ENTIDADE | PUNTOS | LIMITE MAX | CONCEDIDO |
|---|---|---|---|
| AV CARBALLEIRA | 57 | 2250€ | 1690€ |
| MULLERES RURAIS | 57 | 2250€ | 1690€ |
| O CASTRO DE RECESENDE | 40 | 840€ | 840€ |
| O CACHÓN | 51 | 600€ | 600€ |
| AAVV A RAMALLOSA | 62 | 660€ | 660€ |
| ENTREASPONTES | 50 | 300€ | 300€ |
| A CRUCEIRO DE MONTE | 58 | 2250€ | 1720€ |
| TOTAL | 375 | | 7.500€ |

**Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.**

**9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESION DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCION DA VIOLENCIA DE XÉNERO, EXERCICIO 2019**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de abril de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 18/02/2019 as bases da convocatoria de subvencións a entidades promotoras da igualdade entre homes e mulleres

e prevención da violencia de xénero, polas actividades realizadas en 2019, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº40 de data 20/02/2019.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 05/04/2019.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 08/04/2019.

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 05/04/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

| ENTIDADE | PUNTOS | LIMITE MAX | CONCEDIDO |
|---|---|---|---|
| TEENSES POLA IGUALDADE | 55 | 990€ | 990€ |
| ARC OS TILOS | 50 | 990€ | 900€ |
| AS PAMITE | 50 | 900€ | 300€ |
| TOTAL | | | 2.190€ |

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos".

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 05/04/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:**

| ENTIDADE | PUNTOS | LIMITE MAX | CONCEDIDO |
|---|---|---|---|
| TEENSES POLA IGUALDADE | 55 | 990€ | 990€ |
| ARC OS TILOS | 50 | 990€ | 900€ |
| AS PAMITE | 50 | 900€ | 300€ |
| TOTAL | | | 2.190€ |

**Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.**

**10.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.05.03 14:05:24 +02'00'

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.05.03 13:43:31 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.010.20099

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 8/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 6 DE MAIO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 6 de maio de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

Dª. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Dª. Mª Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 15.04.19**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

4. **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 20/12**
5. **ACEPTACIÓNS DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**
6. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS**
7. **PROPOSTA DA COMISIÓN AVALIADORA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2018/2019**
8. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
9. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 15.04.19

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15 de abril de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***2.1.*** **A SONIA CALO ALBORES,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada (Expte. electrónico 2018/U022/000016), en Seoane, nº 47, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006000000SM segundo proxecto redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia.
Expediente núm: **17/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 28 de marzo de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente aval bancario da entidade "Sabadell", por importe de 11.507,93 euros, como garantía das obras de urbanización.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Sergio Lucio Paniccia
-Arquitecto/a técnico/a director/a: José Manuel Nieto Olveira
-Coordinador/a de seguridade e saúde: José Manuel Nieto Olveira
-Edificabilidade: 0,23 $m^2/m^2$

-Altura máxima: SS+B+1, 6,98 m
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 9,3 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: 2º
Altura do cumio: 0,40 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 prazas
-Presuposto: 127.435,25 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.548,71 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 113,81 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.782,52 euros.

***2.2.*** **A ALICIA MATO MALLO,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/00006), en Raxó, Cacheiras, R.C.: 15083B503022730000SW, segundo proxecto redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais.
Expediente núm: **18/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 27 de febreiro e 20 de marzo de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente xustificante de ingreso da entidade "Abanca", por importe de 1.063,10 euros, en concepto de acometida abastecemento e saneamento (2952/19)..
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do**

**viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora (superficie de 31,00 m$^2$).**
**-A distancia dende calquera parte da edificación á aliñación oficial deberá ser 0 m ou maior de 3 m.**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Eugenio Torreia Pais
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Jesús Sánchez García
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Xosé Pouso Iglesias
-Edificabilidade: 0,30 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B+1, 5,58 m
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 16,50 %
Recuamento á aliñación: 3,00 m á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,86 m
Pendente máxima de cuberta: 13º
Altura do cumio: 2,30 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza
-Presuposto: 86.100,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.722,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.902,00 euros.

***2.3.*** **A SANTIAGO PENA RAMOS,** licenza para obras de reforma da cuberta dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2018/U022/000009), en Socastro, nº 27, parroquia de Calo, R.C.: 001405300NH34A0001UX, segundo proxecto redactado polo arquitecto Oscar L.R. Ramos.
Expediente núm: **19/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Oscar L.R. Ramos: proxecto técnico de reforma de cuberta dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 18 de setembro e 31 de outubro de 2018.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Figura no expediente resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 6 de marzo de 2019, expte. 2866/18, autorizando as obras coa suxestión que figura no informe dos servizos técnicos.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas

naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Oscar L.R. Ramos
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Manuel Rumbro Noya
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Manuel Rumbro Noya
-Presuposto: 20.026,69 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 400,53 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 580,53 euros.

***2.4.*** **A OSCAR LÓPEZ CAROU,** licenza para segregación e posterior agrupación (dúas parcelas) das fincas núms. 960-2 e 960-1-1-A, da concentración parcelaría de San Xoán de Calo (Expte. electrónico 2018/U018/000005), R.C.: 15083B508009600000ST, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal Arturo Calvo Tarrio.
Expediente núm: **20/2019**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 31 de xaneiro de 2019 (rex. entrada núm. 201900000000743), “Proyecto de ssegregación y posterior agrupación”, redactado polo enxeñeiro técnico forestal Arturo Calvo Tarrio.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

| | PXOM | Parcela 960-2 | Parcela 960-1-1-A e 960-2-1 | Cesión 1 | Cesión 2 |
|---|---|---|---|---|---|
| Ordenanza de aplicación | N2 | N2 | N2 | N2 | N2 |
| Superficie mínima | 600 $m^2$ | 1546,05 $m^2$ | 2779 $m^2$ | 126,95 $m^2$ | 164 $m^2$ |
| Fronte mínimo | 14 m | 27,25 m | 26,39 m | | |
| Edificabilidade | 0,30 $m^2/m^2$ | 0,23 $m^2/m^2$ | 0,00 $m^2/m^2$ | | |
| Ocupación | 40% | 14% | 0% | | |

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

## 3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

***3.1.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 201999900000064 do 06/03/2019)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 22 de abril de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 6 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000064), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS LUGAR CASTRES (TEO)", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Castres s/n, parroquia de Oza (S/R: 218318120073).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 2442, de 17/04/2019).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-4/2019) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS LUGAR CASTRES (TEO)", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Castres s/n, parroquia de Oza (S/R: 218318120073), de acordo co solicitado con data de 6 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000064).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-4/2019) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS LUGAR CASTRES (TEO)", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Castres s/n, parroquia de Oza (S/R: 218318120073), de acordo co solicitado con data de 6 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000064).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

***3.2.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, SDG, S.A. (rex. entrada nº 201999900000100 do 20/03/2019)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 25 de abril de 2019 que se recolle a continuación:

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, SDG, S.A., de 20 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000100), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo dúas acometidas, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Cacheiras, nº 38, S/R.: GDE41019020022.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro*.-** *Outorgar a MARÍA TERESA REY REY, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-15/2019) para poder levar a cabo obras de desaugue de pluviais, cruzando a estrada, en Castres, Oza, para unha vivenda unifamiliar con licenza urbanística 29/2017, de acordo co solicitado con data de 7 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000002884).*

***Segundo*.-** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a MARÍA TERESA REY REY, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-15/2019) para poder levar a cabo obras de desaugue de pluviais, cruzando a estrada, en Castres, Oza, para unha vivenda unifamiliar con licenza urbanística 29/2017, de acordo co solicitado con data de 7 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000002884).**

**Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

***3.3.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JORGE PEÑARANDA DOMÍNGUEZ (rex. entrada nº 201900000002972 do 10/05/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de maio de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Jorge Peñaranda Domínguez, de 10 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000002972), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de canalización eléctrica soterrada, cruzando a estrada local, para subministro de enerxía eléctrica a unha edificación en construción (licenza urbanística 14/17), en Rarís, nº 30.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade BBVA, en data 09/05/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública..*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Jorge Peñaranda Domínguez, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-16/2019) para poder levar a cabo obras de canalización eléctrica soterrada, cruzando a estrada local, para subministro de enerxía eléctrica a unha edificación en construción (licenza urbanística 14/17), en Rarís, nº 30, de acordo co solicitado con data de 10 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000002972).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Jorge Peñaranda Domínguez, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-16/2019) para poder levar a cabo obras de canalización eléctrica soterrada, cruzando a estrada local, para subministro de enerxía eléctrica a unha edificación en construción (licenza urbanística 14/17), en Rarís, nº 30, de acordo co solicitado con data de 10 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000002972).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

***3.4.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A SILVIA FERNÁNDEZ MANEIRO (rex. entrada nº 201900000003063 do 14/05/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 15 de maio de 2019 que se recolle a continuación:

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Silvia Fernández Maneiro, de 14 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000003063), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de acceso a unha parcela, en Cantoña, Luou.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Banco de Sabadell, en data 14/05/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Silvia Fernández Maneiro, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-17/2019) para poder levar a cabo obras de acceso a parcela, en Cantoña, Luou, de acordo co solicitado con data de 14 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000003063).*

*<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Silvia Fernández Maneiro, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-17/2019) para poder levar a cabo obras de acceso a parcela, en Cantoña, Luou, de acordo co solicitado con data de 14 de maio de 2019 (rex. entrada nº 201900000003063).**

**<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

**4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2019.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 13 de maio de 2019 que se recolle a continuación:

**"<u>PROPOSTA DE ALCALDÍA</u>**

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Considerando a necesidade de facilitar o acceso da xuventude do noso concello á educación, e de promover todo tipo de actividades que axuden ao seu estímulo.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2019, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 13/05/2019

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

<u>Primeiro.-</u>Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2019, que presenta a Sra. Concelleira de Educación e que se reflicten de seguido:

(...)

**<u>Segundo</u>**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2019, que presenta a Sra. Concelleira de Educación e que se reflicten de seguido:**

---

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2019**

**1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA**

**As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por centros educativos públicos de ensino non universitario e as súas respectivas asociacións de nais e pais, pola realización de actividades de carácter educativo no ano 2019, con cargo á partida 320/480.00 do orzamento de 2019, por un importe total de 13.000 euros, dos cales corresponden 6.000 euros para os centros educativos e os restantes 7.000 euros para as ANPAS.**

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da formación educativa do alumnado dos centros educativos públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do noso concello.

**2ª.—BENEFICIARIOS/AS**

Os centros públicos de ensino non universitario e asociacións de pais e nais, sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Censo de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

**3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES**

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2019.

b) Gastos ocasionados pola organización de actividades durante o ano 2019 dentro do territorio municipal ou fora do concello no caso de saídas de carácter didáctico.

## 4ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de**30 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.**

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

## 5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado **(Anexo I)** que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e o número de alumnado participante**. (Anexo II)**

b) Copia cotexada do CIF. Só necesaria en caso de non estar depositada no Concello.

c) Carteis, notas de prensa ou calquera outro documento publicitario das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención, se os houbera.

d) Memoria económica do ano 2019, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.

e) Memoria descritiva das actividades que se desenvolveron en 2019, detallando en cada unha:

- gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo.
- obxectivos que se pretendían acadar coa realización da actividade.
- obxectivos finalmente conseguidos.

f) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

g) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos no dito prazo.

**6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS**

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. **Por actividades de carácter permanente** (ao longo do curso). Máximo 10 puntos. 1 punto por cada actividade. 2 puntos por cada actividade se está organizada por unha ANPA e ten carácter gratuíto.

2. **Por actividades de carácter non permanente** (actividades periódicas ou puntuais). Máximo 5 puntos. 0.25 puntos por cada actividade.

3. **Polo alumnado participante nas actividades de carácter permanente**. Máximo 10 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 10 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por todas as actividades.

Ata 15 alumnos/as: 1 punto

De 16 a 25 alumnos/as: 2 puntos

De 26 a 50 alumnos/as: 3 puntos

De 51 a 75 alumnos/as: 4 puntos

De 76 a 100 alumnos/as: 5 puntos

De 101 a 125 alumnos/as: 6 puntos

De 126 a 150 alumnos/as: 7 puntos

De 151 a 175 alumnos/as: 8 puntos

De 176 a 200 alumnos/as: 9 puntos

Máis de 201 alumnos/as: 10 puntos

4. **Pola participación nas actividades de carácter non permanente**. Máximo 5 puntos.

Baremarase cada actividade ata un máximo de 5 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por tódalas actividades.
Participación de ata o 25% do alumnado: 1 punto
Participación de ata o 50% do alumnado: 2 puntos
Participación de ata o 75% do alumnado: 3 puntos
Participación do total do alumnado: 4 puntos
Participación de parte do alumnado e as súas familias: 4 puntos
Participación de todo o alumnado e as súas familias: 5 puntos

5. **Pola calidade do proxecto**. Máximo 5 puntos

1. Pola repercusión das actividades na comunidade: implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: ata 1 punto

2. Pola orixinalidade do proxecto no sentido de que supoña unha actividade innovadora: ata 1 punto

3. Por actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación…): ata 1 punto

4. Por actividades de promoción da cultura galega: ata 1 punto

5. Por actividades de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello ou do seu contorno: ata 1 punto

6. Por actividades que impliquen o uso das novas tecnoloxías: ata 1 punto

7. Por actividades de integración do alumnado con discapacidades: ata 1 punto

8. Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido: ata 1 punto

9. Por actividades de animación cultural e animación no tempo libre: ata 1 punto

6. **Polos gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias**. Máximo 5 puntos.

Por gastos de conservación da instalación: 2 puntos
Por gastos de luz: 1 punto
Por gastos de auga: 1 punto
Por gastos de calefacción: 1 punto

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do Concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

**7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS**

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude.

**8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Educación nos prazos indicados no punto 4º das presentes bases.

Os funcionarios designados polo Concello de Teo serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta,

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso,

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha comisión de valoración constituída pola concelleira delegada de Educación, que a presidirá, o concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal, a interventora municipal e a auxiliar de intervención, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

**9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS**

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

**10ª.—COMPROMISOS**

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.
Tal e como especifica a *Ordenanza para o impulso social da lingua galega no municipio de Teo, p*ara que o Concello de Teo colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.

**11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) **Facturas relacionadas coa actividade subvencionada (de 2019) e por un importe superior á cantidade concedida.** Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de "pagada", asinada e indicando o nome e o DNI, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

Só se admitirán recibos ou tíckets nos casos regulados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1619/2012, de 30 de novembro.

b) **Indicación expresa de que se realizou o fin** para o que a subvención foi concedida.

c) **Declaración doutras axudas e/ou subvencións recibidas,** con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) **Memoria cuantificada das actividades realizadas**, que deberán corresponder ao ano 2019, indicando os gastos e ingresos de cada actividade.

e) **Declaración responsable do solicitante de estar ao día no pagamento** das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

**As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2019**. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2019. **No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, entenderase que a entidade renuncia ao seu dereito a cobrar a subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias,

— Os xuros, recargas e sancións administrativas,

— Os gastos de procedementos xudiciais,

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e), e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

**12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO**

O órgano instrutor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

**13ª.—RÉXIME SANCIONADOR**

- Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

**14ª.—RÉXIME XURÍDICO**

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 13 de maio de 2019.
A concelleira de Educación
Pilar Pérez Faxil

**ANEXO 1**

**MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE LUCRO**
**ANO 2019**

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN**
ENTIDADE SOLICITANTE (Nome completo e siglas):.....
ENDEREZO SOCIAL:.....

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

LOCALIDADE:.....
CIF:.....
TELÉFONOS DA ENTIDADE:.....
ENDEREZO ELECTRÓNICO: .....
REPRESENTANTE DA ENTIDADE (nome e apelidos): .....
DNI:.....
CARGO QUE OCUPA:.....
TELÉFONO DE CONTACTO:.....
CENTROS EDUCATIVOS: NÚMERO DE ALUMNOS/AS:.....
ANPAS: NÚMERO DE FAMILIAS ASOCIADAS: .....
FINS SOCIAIS DA
ENTIDADE: .....
IMPORTE ORZAMENTO ANO 2019:.....
NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos):

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

ANEXO 2

| ACTIVIDADES DE CARÁCTER PERMANENTE | Nº. DE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES.<br>ANPAS: ESPECIFICAR SE SON DECARÁCTER GRATUÍTO |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| ACTIVIDADES DE CARÁCTER NON PERMANENTE | Nº. DE PARTICIPANTES ALUMNADO.<br>PARTICIPACIÓN FAMILIAS (SI/NON) |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

| GASTOS DERIVADOS DO COIDADO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS |
|---|
| |
| |
| |

**Declaro que:**
-Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvencións.
-Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
-Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, .....de .....de 2019

---

**Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.**

**5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS/AS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS DURANTE ANO 2019.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 15 de maio de 2019 que se recolle a continuación:

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a clubes e deportistas federados con cargo ao orzamento de 2019.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 15/05/2019.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para clubes e deportistas federados para o exercicio 2019 , que se reflicten de seguido:

(...)

**Segundo**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para clubes e deportistas federados para o exercicio 2019 , que se reflicten de seguido:**

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS/AS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS DURANTE ANO 2019**

**1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA**

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas á organización, promoción, preparación e/ou participación deportiva de clubs e deportistas federados/

as no ano 2019, con cargo á partida 340/480.00do orzamento 2019 por un importe total de **38.000 euros**, dos que **8.500 euros** se destinarán ás solicitudes formuladas por deportistas federados/as.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello de Teo, tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

**2ª.—BENEFICIARIOS/AS**

a) Os clubs deportivos sen ánimo de lucro con domicilio social no Concello de Teo, inscritos en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas do Concello de Teo e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que participen en competicións de carácter oficial e/ou organicen e/ou promovan actividades deportivas. Teñen que pertencer a federacións recoñecidas polo Consello Superior de Deportes ou pola Administración Deportiva Autonómica de Galicia.

b) Os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos.

- Ter licenza federativa en vigor no momento da solicitude nalgunha das federacións deportivas recoñecidas pola Administración Deportiva Autonómica de Galicia e/ou polo Consello Superior de Deportes.
- Ter menos de 31 anos e estar empadroados/as no Concello de Teo con anterioridade á aprobación destas bases.
- Participar en competicións de carácter oficial e que sexan de ámbito autonómico ou superior.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria os/as deportistas que participen en competicións por equipos de carácter oficial en formato de ligas regulares

c) Non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias numeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003

**.3ª.—ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES**

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción deportiva por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2019.

b) Gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos durante o ano 2019 dentro do territorio municipal.

c) Aqueles clubs que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria co mesmo obxecto de solicitude.

d) Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

**4ª.—SOLICITUDES**

**4.1.- Instancia de solicitude**

As solicitudes presentaranse na instancia formalizada recollida no Anexo I e dirixiranse ao concelleiro de Deportes.

Soamente pode presentarse unha única solicitude por club para unha ou varias modalidades.

No caso dos/as deportistas soamente pode presentarse unha única solicitude para unha única modalidade ou especialidade.

**4.2.- Documentación** (están os impresos oficiais na páxina www.teo.gal ou no Departamento de Deportes do Concello)Xunto coa instancia de solicitude do Anexo I e II presentarase a seguinte documentación:

***1) CLUBS DEPORTIVOS:*** *(datos referentes á tempada 2018/2019 ou o ano 2019 segundo corresponda á modalidade deportiva)*

a) Certificado da Federación correspondente onde figuren o número de licenzas, o número de equipos e as categorías onde participa o club solicitante.

b) Declaración responsable asinada polo/a representante do club facendo constar:

b1) Deportistas femininas: listaxe con nome e apelidos especificando cales están empadroadas no Concello de Teo (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).

b2) Deportistas masculinos: listaxe con nome e apelidos especificando cales están empadroados no Concello de Teo (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).

b3) Técnicos/as: listaxe con nome e apelidos do persoal técnico do club, a súa titulación e a categoría na que adestren (con fotocopia compulsada do título de maior nivel de cada técnico/a e/ou fotocopia compulsada da súa ficha federativa).

c) Copia cotexada do CIF (no caso de non tela entregada xa noutras convocatorias anteriores).

d) Memoria descritiva do ano 2018, especificando as actividades/eventos deportivos nos que participou o club e as actividades/eventos deportivos que organizou (se é o caso).

e) Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano 2019 para a cal se pide a subvención, especificando as actividades/eventos deportivos nos que vai a participar o club e as actividades/eventos deportivos que vai a organizar (se é o caso).

f) Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2019.

g) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos.

h) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

i) Declaración responsable conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

k) Declaración de datos e compromisos.

***2) DEPORTISTAS FEDERADOS/AS:***

a) Copia cotexada da licenza federativa en vigor.

b) Copia cotexada do DNI en vigor (no caso de non tela entregada xa noutras convocatorias anteriores).

c) Currículo deportivo.

d) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2018.

e) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou no ano 2017.

f) Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano 2019 para a cal se pide a subvención.

g) Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2019.

h) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos.

i) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

k) Declaración responsable conforme a que o/a solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

l) Declaración de datos e compromisos.

m) Última resolución publicada no DOG da Secretaría Xeral para o Deporte onde figure o recoñecemento de Deportista Galega/o de Alto nivel. (se é o caso)

Nos puntos h), i) e k) no caso dos menores de idade serán os datos dos titores legais.

**4.3.- Presentación de solicitudes**

As solicitudes e a documentación correspondente presentarase dentro do prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, ou en calquera dos lugares aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que as solicitudes se envíen por correo, deberá xustificarse co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao Concello a remisión da solicitude mediante fax (981 809 401), telegrama ou correo electrónico (deportes@teo.gal) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude de presentación.

**4.4.- Corrección de solicitude**

Unha vez revisadas todas as solicitudes, a aquelas que conteñan erros ou deficiencias comunicaráselles e concederáselles un prazo de 10 días hábiles a partir da súa comunicación para a súa corrección. De non emendar os defectos no dito prazo arquivarase sen máis trámites.

**5ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS**

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

**1). CRITERIOS PARA CLUBS:**

****(Nos apartados a), b), c), d), e), e f) datos referentes á tempada 2018/2019 ou o ano 2019 segundo corresponda á modalidade deportiva)***

a) **Número de fichas ou licenzas. Ata 10 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| Máis de 201 | 10 puntos. |
| Ata 150 | 8 puntos. |
| Ata 100 | 6 puntos. |
| Ata 75 | 5 puntos. |
| Ata 50 | 4 puntos. |
| Ata 25 | 3 puntos. |
| Ata 15 | 2 puntos. |

b) **Número de equipos federados. Ata 10 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| Nove ou máis equipos | 10 puntos. |
| Oito equipos | 8 puntos. |
| Sete equipos | 7 puntos. |
| Seis equipos | 6 puntos. |
| Cinco equipos | 5 puntos. |
| Catro equipos | 4 puntos. |
| Tres equipos | 3 puntos. |
| Dous equipos | 2 puntos. |
| Un equipo | 1 punto. |

**c) Porcentaxe de fichas ou licenzas correspondentes a participantes locais. Ata 10 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| 100% | 10 puntos. |
| Máis do 85% | 8 puntos. |
| Máis do 75% | 6 puntos. |
| Máis do 50% | 4 puntos. |
| Máis do 25% | 2 puntos. |

**d) Porcentaxe de fichas ou licenzas femininas. Ata 5 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| Ata o 100% | 5 puntos |
| Ata o 75% | 4 puntos |
| Ata o 50% | 3 puntos |
| Ata o 25% | 1 punto |

**e) Categorías de base: biberóns-prebenxamín-benxamín-alevín-infantil-cadete-xuvenil (ou equivalentes). Ata 7 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| Sete categorías ou máis | 7 puntos |
| Seis categorías | 6 puntos |
| Cinco categorías | 5 puntos. |
| Catro categorías | 4 puntos. |
| Tres categorías | 3 puntos. |
| Dúas categorías | 2 puntos. |
| Unha categoría | 1 punto. |

**f) Nivel de formación dos/as técnicos. Ata 12 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| 3 ou máis técnicos/as con titulación de adestrador/a profesional/nivel 3 na especialidade | 8 puntos. |
| 3 ou máis técnicos/as con titulación de adestrador/a avanzado/a/nivel 2 na especialidade | 7 puntos. |
| 3 ou máis técnicos/as con titulación de licenciado/a | |

en Ciencias do Deporte e E.F. 7 puntos.

3 ou máis técnicos/as con titulación de adestrador/a básico/a/nivel 1
na especialidade 6 puntos.

3 ou mais técnicos/as con outras titulacións/cursos formativos
na especialidade 5 puntos.

1 ou 2 técnicos/as con titulación de adestrador/a profesional/nivel 3
na especialidade 4 puntos.

1 ou 2 técnicos/as con titulación de adestrador/a avanzado/a/nivel 2
na especialidade 3 puntos.

1 ou 2 técnicos/as con titulación de licenciado/a
en Ciencias do Deporte e E.F. 3 puntos.

1 ou 2 técnicos con titulación de adestrador/a básico/a/nivel 1
na especialidade 2 puntos.

1 ou 2 técnicos/as con outras titulacións/cursos formativos
na especialidade 1 punto.

***(Nos apartados g), h), i), k), e l), datos referentes ao ano 2018)***

**g) Presenza social. Participación en competicións deportivas oficiais. Ata 7 puntos máximo.**

Competición de ámbito internacional:

1,25 puntos por cada deportista empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 5 puntos.

0.25 puntos por cada deportista non empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 2 puntos.

Competición de ámbito estatal:

1 punto por cada deportista empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 4 puntos.

0.25 puntos por cada deportista non empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 1.5 puntos.

Competición de ámbito autonómico:

1 punto por cada deportista empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 3 puntos.

0.25 puntos por cada deportista non empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 1 punto.

Competición de ámbito provincial:

0.5 puntos por cada deportista empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 2 puntos.

0.25 puntos por cada deportista non empadroado/a no Concello de Teo. Ata un máximo de 0.5 puntos.

Considérase Competición Internacional: Campionato do Mundo, Campionato de Europa, probas do *ranking* mundial, probas do *ranking* europeo.

Considérase Competición Estatal: Campionato de España, probas do *ranking* nacional.

Considérase Competición Autonómica: Campionato Galego, probas do *ranking* galego.

Non puntuarán torneos, adestramentos cos combinados estatais e autonómicos, opens, torneos privados e similares.

**h) Presenza social. Organización de actividades/eventos deportivos dentro do territorio municipal. Ata 5 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| Actividade de ámbito internacional (mínimo tres países participantes) | 5 puntos. |
| Actividade de ámbito estatal | 4 puntos. |
| Actividade de ámbito autonómico | 3 puntos. |
| Actividade de ámbito provincial | 2 puntos. |
| Actividade de ámbito local | 1 punto. |

**i) Utilización de instalacións para o deporte de base. Ata 5 puntos máximo.**

| | |
|---|---|
| Utilización exclusiva de instalacións non municipais | 5 puntos. |
| Utilización habitual de instalacións non municipais e puntual de instalacións municipais | 4 puntos |
| Utilización de instalacións municipais e non municipais | 2 puntos. |

Utilización habitual de instalacións municipais e puntual de instalacións non municipais 1 punto.

Utilización exclusiva de instalacións municipais 0 puntos

**k) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións propias. Ata 5 puntos máximo.**

Auga, luz e conservación da instalación 5 puntos.

Luz ou auga e conservación da instalación 4 puntos.

Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...) 3 puntos.

Luz ou auga 2 puntos.

**l) Escolas deportivas municipais. 2 puntos por escola.**

No punto i) enténdese por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

No punto l) enténdese por escola deportiva municipal aquela escola que entra dentro da programación deportiva anual do Concello.

**2). CRITERIOS PARA DEPORTISTAS FEDERADOS:**

a) Competicións oficiais no ano 2018. Ata 10 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.

| | 1 NIVEL | | | 2 NIVEL | | | OUTROS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE |
| INTERNACIONAL | 8 | 7 | 6 | 6 | 5 | 4 | 4 | 3 | 2 |
| ESTATAL | 6 | 5 | 4 | 4 | 3 | 2 | 2 | 2 | 1 |
| AUTONÓMICA | 5 | 4 | 3 | 3 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 |

***b) R*esultados no ano 2018. Ata 12 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.**

**b1) Competición Internacional:**

| | 1 NIVEL | | | 2 NIVEL | | | OUTROS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º/2º | 10 | 8 | 6 | 8 | 6 | 4 | 6 | 4 | 2 |
| 3º/4º | 8 | 6 | 4 | 6 | 4 | 2 | 4 | 2 | 1 |
| 5º/8º | 6 | 4 | 2 | 4 | 2 | 1 | 2 | 1 | 0 |
| OUTROS | 4 | 2 | 1 | 2 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |

b2) Competición estatal:

| | 1 NIVEL | | | 2 NIVEL | | | OUTROS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE |
| 1º/2º | 8 | 6 | 4 | 6 | 4 | 2 | 4 | 2 | 1 |
| 3º/4º | 6 | 4 | 2 | 4 | 2 | 1 | 2 | 1 | 1 |
| 5º/8º | 4 | 2 | 1 | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| OUTROS | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

**b3) Competición autonómica:**

| | 1 NIVEL | | | 2 NIVEL | | | OUTROS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE |
| 1º/2º | 6 | 5 | 4 | 4 | 2 | 1 | 1 | 1 | 0 |
| 3º/4º | 4 | 3 | 2 | 2 | 2 | 1 | 1 | 1 | 0 |
| 5º/8º | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| OUTROS | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

**c) Competicións oficiais no ano 2017. Ata 10 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.**

| | 1 NIVEL | | | 2 NIVEL | | | OUTROS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE | ABS. | P. ABS. | BASE |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| INTERNACIONAL | 8 | 7 | 6 | 6 | 5 | 4 | 4 | 3 | 2 |
| ESTATAL | 6 | 5 | 4 | 4 | 3 | 2 | 2 | 2 | 1 |
| AUTONÓMICA | 5 | 4 | 3 | 3 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 |

d) Competir nun club do Concello de Teo: 2 puntos

e) Ser Deportista Galega/o de Alto Nivel recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte, no momento da publicación das bases desta convocatoria : 2 puntos

**6ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS**

A cantidade concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.

O importe máximo da subvención a cada deportista individual non poderá superar os 1.300 euros.

**7ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Deportes.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos/as solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade/deportista, disciplina deportiva e contía máxima á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída polo concelleiro delegado de Deportes, que a presidirá, a concelleira delegada de Educación e o coordinador deportivo municipal que actuará tamén como secretario/a da comisión.

Suplencias. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da comisión de valoración poderán ser substituídos polos seus suplentes.

Para estes efectos, cando non poidan concorrer o/a concelleiro/a de Deportes ou o/a concelleiro/a de Educación poderán ser substituídos/as, respectivamente, polo/a concelleiro/a de Servizos Básicos e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais. O/a coordinador/a deportivo/a poderá ser substituído/a polo/a dinamizador/a deportivo/a.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

**8ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS**

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

**9ª.—COMPROMISOS**

Os clubs e deportistas subvencionados/as ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

**10ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos/as perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

8. Facturas de gasto de 2019 relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministración,

prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Declaración responsable de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración responsable doutras axudas e/ou subvencións concedidas ou pendentes de conceder durante o ano 2019 con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria das actividades realizadas durante o ano 2019.

e) Declaración responsable de gastos e ingresos detallados realizados no ano 2019.

f) Cartelaría, notas de prensa…. onde figure o patrocinio do Concello de Teo (se é o caso).

**As subvencións xustificaranse antes do 30 de novembro de 2019.** No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á súa revogación.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado, e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

Se na documentación presentada para a xustificación houbera redución de gastos, en referencia aos presentados na instancia da solicitude, a axuda que finalmente o Concello de Teo aboará a o beneficiario/a deberá respectar a porcentaxe máxima do 70% sobre o gasto final xustificado.

**11ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO**

O Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

**12ª.—RÉXIME SANCIONADOR**

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

**13ª.—RÉXIME XURÍDICO**

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 9 de maio de 2019
O concelleiro de Deportes
Jorge Carballido Salgado

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**5.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 4/2019**

Escrito presentado por Carmen Susana Iglesias Nogueira, en data 18 de xullo de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000004776, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 4/2019, xuntando escritura pública de data vinte de febreiro de dous mil dezanove, do notario Carlos Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de febreiro de 2019, a Carmen Susana Iglesias Nogueira, en representación de Sergio Carbajales Iglesias**,** para segregación (dúas parcelas) da finca núm. 1.438 da concentración de Cacheiras-Recesende, R.C.: 15083A515014380000KW, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 98,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte de febreiro de dous mil dezanove, do notario Carlos Lapido Alonso, dunha superficie de 98,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 4/2019.

**Segundo**.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 4 de febreiro de 2019 (Lic. 4/2019).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

## 6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## 7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trece minutos, de orde da Presidencia acctal., levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A alcaldesa acctal.,

Firmado digitalmente por UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA - 34899771P
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-HW-KUSU, cn=UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA - 34899771P, givenName=UXÍA, sn=LEMUS DE LA IGLESIA, serialNumber=34899771P, ou=certificado electrónico de empleado público, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.08.08 12:59:15 +02'00'

Uxía Lemus de la Iglesia

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1583000I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.08.08 11:34:09 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20035

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 14/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 19 DE AGOSTO DE 2019 -**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:05 horas do día 19 de agosto de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Non asiste, previa escusa:**

D.ª María López Álvarez

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 05.08.19**
2. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 05.08.19**

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 5 de agosto de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

***2.1.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 201999900000101 do 20/03/2019)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de agosto de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 20 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000101), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha Rede de Baixa Tensión subterránea de 24 metros, en Bouñou, nº 24, Raris (S.G.D.: 218318110035).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 2770 de 03/05/2019).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-8/2019) para poder levar a cabo unha Rede de Baixa Tensión subterránea de 24 metros, en Bouñou, nº 24, Raris (S.G.D.: 218318110035), de acordo co solicitado con data de 20 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000101).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-8/2019) para poder levar a cabo unha Rede de Baixa Tensión subterránea de 24 metros, en Bouñou, nº 24, Raris (S.G.D.: 218318110035), de acordo co solicitado con data de 20 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000101).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

***2.2.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A MIGUEL ÁNGEL FEIJOO LORENZO (rex. entrada nº 201900000005118 do 13/08/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de agosto de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Miguel Ángel Feijoo Lorenzo, de 13 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201900000005118), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para ampliación dunha entrada existente, canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, en O Pazo, Polígono 510, Parcela 150, R.C.: 15083B510001500000SP.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca, en data 13/08/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Miguel Ángel Feijoo Lorenzo, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-28/2019) para ampliación dunha entrada existente, canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, en O Pazo, Polígono 510, Parcela 150, R.C.: 15083B510001500000SP, de acordo co solicitado con data de 13 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201900000005118).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Miguel Ángel Feijoo Lorenzo, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-28/2019) para ampliación dunha entrada existente, canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, en O Pazo, Polígono 510, Parcela 150, R.C.: 15083B510001500000SP, de acordo co solicitado con data de 13 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201900000005118).**

**<u>Segundo</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

## 3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## 4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde,

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.08.20 11:49:26 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral,

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRÓNICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.08.20 10:00:23 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20036

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 15/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 2 DE SETEMBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 2 de setembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 19.08.19**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 19.08.19.**

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de agosto de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***2.1.*** **A CARLOS VARELA DE LA FUENTE,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000009), en A Pedreira, nº 54, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508050390000SQ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Santiago Rodríguez Alcalá.
Expediente núm: **30/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Santiago Rodríguez Alcalá: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 12 de marzo de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente resolución de Augas de Galicia, de data 1 de agosto de 2019, de autorización de vertido de augas residuais domésticas e contrato co Servizo Público Municipal Augas de Teo de acometida de abastecemento.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor.**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na

obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Santiago Rodríguez Alcalá
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Ricardo López López
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Ricardo López López
-Edificabilidade: 0,25 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B, 3,05 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 27,62 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,00 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 1,87 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Si
Prazas de aparcamento: 1 praza
-Presuposto: 198.499,62 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.969,99 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 161,15 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.251,14 euros.

***2.2.* A JOSÉ PEREIRA FARIÑA e MONSERRAT CAMIÑA TATO,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000010), en Socastro, nº 45, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508030590000SW, segundo proxecto redactado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino.
Expediente núm: **31/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 5 de agosto de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente contrato co Servizo Público Municipal Augas de Teo de acometida de abastecemento e saneamento.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polos promotores (16,82 metros cadrados).**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos

de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Sergio Remacha Vecino
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Jesús Manuel Esturao Pena
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Jesús Manuel Esturao Pena
-Edificabilidade: 0,24 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B+1, 5,30 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 13 %
Recuamento á aliñación: >3,00 á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 1,87 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Si
Prazas de aparcamento: 1 praza
-Presuposto: 181.781,08 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.635,62 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 294,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.049,62 euros.

***2.3.*** **A RAFAEL JORGE TARRIO e VANESA CONDE IGLESIAS,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000026), en Tarrio, nº 20, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006770000SZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar.
Expediente núm: **32/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con datas 29 de maio e 27 de agosto de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente contrato co Servizo Público Municipal Augas de Teo de acometida de abastecemento e saneamento.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polos promotores (46,49 metros cadrados).**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Jorge Gómez Moar
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pablo Ferreira Souto
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Ferreira Souto
-Edificabilidade: 0,18 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B 3,35 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 14,15 %
Recuamento á aliñación: 3,60 á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,25 m
Pendente máxima de cuberta: 19º
Altura do cumio: 2,76 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Si
Prazas de aparcamento: 1 praza
-Presuposto: 126.800,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.536,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.716,00 euros.

***2.4.*** **A CELIA RODRÍGUEZ LIÑEIRAS e Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ LIÑEIRAS,** licenza para segregación (dúas parcelas) das fincas núms. 98.1 e 98.2-D, da concentración parcelaría de Santa Baia de Oza (Expte. electrónico 2019/U018/000008), R.C.: 15083B507000980000SI, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **33/2019**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 14 de maio de 2019 (rex. entrada núm. 201900000003055), "Proyecto segregación de finca en ordenanzas N-2 y R-2", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Vilariño Santos.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

| | PXOM | Parcela segregada | Parcela resto finca matriz | Cesión |
|---|---|---|---|---|
| Ordenanza de aplicación | N2 | N2 | N2 | N1 |
| Superficie mínima | 600 $m^2$ | 926 $m^2$ | 926 $m^2$ + 5093 SR | 100 $m^2$ |
| Fronte mínimo | 14 m | 27,82 m | 21,20 m | |

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
**-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.**

**3.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**

***3.1.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A Mª TERESA GONZÁLEZ IGLESIAS (rex. entrada nº 201900000005271 do 27/08/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 28 de agosto de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

*Vista a solicitude presentada por Mª Teresa González Iglesias, de 27 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201900000005271), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para arranxar o fronte dunha parcela, canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, en O Aido, 19, Polígono 501, Parcela 619, R.C.: 15083A501006190001LM.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca, en data 26/08/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Mª Teresa González Iglesias, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-29/2019) para arranxar o fronte dunha parcela, canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, en O Aido, 19, Polígono 501, Parcela 619, R.C.: 15083A501006190001LM, de acordo co solicitado con data de 27 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201900000005271).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Mª Teresa González Iglesias, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-29/2019) para arranxar o fronte dunha parcela, canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, en O Aido, 19, Polígono 501, Parcela 619, R.C.: 15083A501006190001LM, de acordo co solicitado con data de 27 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201900000005271).**

**<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

## 4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.09.20 09:59:30 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.09.20 09:30:39 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20040

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 16/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 7 DE OUTUBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e dez minutos do día 7 de outubro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Non asiste, previa escusa:**

D. Roberto Moñino Gil

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 02.09.19**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
4. **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**

5. **PROPOSTA A ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A NEDGIA GALICIA, S.A.**

6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

7. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 02.09.19**

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 2 de setembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Vistos os informes xurídicos emitidos ao efecto e considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-25/2019) para poder levar a cabo unha conexión á Rede de Baixa Tensión Subterránea e 9 metros de canalización, na rúa Campos de Mirabel, nº 6, Calo (S.G.D.: 218319050170), de acordo co solicitado con data de 24 de xullo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000437).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

***3.3.-*** PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ALFONSO RODRÍGUEZ LANDEIRA (rex. entrada nº 201999900000568 do 06/09/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 19 de setembro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Alfonso Rodríguez Landeira, de 6 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 201999900000568), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para substitución dunha tubaxe de abastecemento de auga, nunha pista forestal, situada no monte lindeiro co lugar de Pedrouso, Cacheiras.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca, en data 05/09/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Alfonso Rodríguez Landeira, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-31/2019) para substitución dunha tubaxe de abastecemento de auga, nunha pista forestal, situada no monte lindeiro co lugar de Pedrouso, Cacheiras, de acordo co solicitado con data de 6 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 201999900000568).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Alfonso Rodríguez Landeira, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-31/2019) para substitución dunha tubaxe de abastecemento de auga, nunha pista forestal, situada no monte lindeiro co lugar de Pedrouso, Cacheiras, de acordo co solicitado con data de 6 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 201999900000568).**

**<u>Segundo</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

***3.4.-*** PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ANTONIO FUENTES MARTÍNEZ (rex. entrada nº 201900000006800 do 03/10/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 3 de outubro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Antonio Fuentes Martínez, de 3 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000006800), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para reparación dunha canalización de auga potable, procedente dunha mina municipal, en Fornelos, Raris.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Sabadell, en data 03/10/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Antonio Fuentes Martínez, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-32/2019) para reparación dunha canalización de auga potable, procedente dunha mina municipal, en Fornelos, Raris, de acordo co solicitado con data de 3 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000006800).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Antonio Fuentes Martínez, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-32/2019) para reparación dunha canalización de auga potable, procedente dunha mina municipal, en Fornelos, Raris, de acordo co solicitado con data de 3 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000006800).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:**
**4.1.-LICENZA 52/16**

Escrito presentado por Iria Fernández Franqueiro, en data 12 de setembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000006189, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de abril de 2019.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de outubro de 2016, a Iria Fernández Franqueiro e Ismael Aldrey Peleteiro**,** para obras de demolición e construción dunha vivenda unifamiliar en Penelas, nº 96, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515011580000KQ, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 34,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo segregado da finca número 1158 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de trinta e catro metros cadrados, inscrición: 1ª, Tomo: 954, libro: 371, folio 182, data: 19 de xullo de 2019. Código Rexistral Único: 15013001119857.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro**.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte cinco de marzo de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 34,00 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 17 de outubro de 2016, expte. 52/16.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de outubro de 2016, a Iria Fernández Franqueiro e Ismael Aldrey Peleteiro, para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Penelas, nº 96, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515011580000KQ.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**4.2.-LICENZA 4/2019**

Escrito presentado por Carmen Susana Iglesias Nogueira, en data 18 de setembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000006449, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de agosto de 2019.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de febreiro de 2019, a Carmen Susana Iglesias Nogueira, en representación de Sergio Carbajales Iglesias**,** para segregación (dúas parcelas) da finca núm. 1.438 da concentración de Cacheiras-Recesende, R.C.: 15083A515014380000KW, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 98,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo sito na zona da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende –Fase II-, dunha superficie de noventa e oito metros cadrados, inscrición: 2ª, Tomo: 954, libro: 371, folio 84, data: 29 de agostoo de 2019. Código Rexistral Único: 15013001119260.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro**.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte de febreiro de dous mil dezanove, do notario Carlos Lapido Alonso, dunha superficie de 98,00 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 17 de outubro de 2016, expte. 52/16.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de febreiro de 2019, a Carmen Susana Iglesias Nogueira, en representación de Sergio Carbajales Iglesias**,** para segregación (dúas parcelas) da finca núm. 1.438 da concentración de Cacheiras-Recesende, R.C.: 15083A515014380000KW.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**4.3.-LICENZA 10/2019**

Escrito presentado por Alberto Manuel Touriño Castiñeiras, en data 24 de setembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000006585, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de maio de 2019.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de abril de 2019, a Alberto Manuel Touriño Castiñeiras**,** para legalización de edificación, reforma e ampliación para vivenda unifamiliar, en Carballal, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514017540001LZ, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 111,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca da concentración parcelaria de San Xoán de Calo, sita en Carballal, dunha superficie de cento once metros cadrados, inscrición: 1ª, Tomo: 956, libro: 372, folio 119, data: 11 de setembro de 2019. Código Rexistral Único: 15013001120730.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro**.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data doce de abril de dous mil dezanove, do notario Mª Inmaculada Espiñeira Soto, dunha superficie de 111,00 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2019, expte. 10/2019.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de abril de 2019, a Alberto Manuel Touriño Castiñeiras**,** para legalización de edificación, reforma e ampliación para vivenda unifamiliar, en Carballal, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514017540001LZ.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

## 5.- PROPOSTA A ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A NEDGIA GALICIA, S.A.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 19 de setembro de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data 20/06/2019 por NEDGIA GALICIA, S.A., de devolución da garantía de obras de acometida soterrada de gas natural en Travesia de Cacheiras 38.
Visto o informe do técnico municipal, de data 17/09/2019, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 19/09/2019, favorable á devolución.
**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:
**Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por NEDGIA GALICIA, S.A., para obra de acometida soterrada de gas natural en Travesía de Cacheiras 38, por importe de **500,00€,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.
**Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:**

**Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por NEDGIA GALICIA, S.A., para obra de acometida soterrada de gas natural en Travesía de Cacheiras 38, por importe de 500,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.**
**Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.**

**6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.10.22 15:05:35 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.10.22 15:02:10 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 17/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 21 DE OUTUBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 21 de outubro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Non asiste, previa escusa:**

D. Roberto Moñino Gil

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
2. **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2019-20**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
5. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***1.1.*** **A JOSÉ MANUEL BARROS SENÍN,** licenza para legalización das modificacións realizadas durante a execución das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Lamas, nº 5, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515003550000KM (Expte. electrónico 2019/U022/000038), segundo proxecto redactado pola arquitecta Mary Sol Magdalena Rodríguez.
Expediente núm: **40/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, presentado o 24 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 6586), redactado pola arquitecta Mary Sol Magdalena Rodríguez, visado no colexio oficial de arquitectos con data 5 de agosto de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade

de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Mary Sol Magdalena Rodríguez
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Serafín Vigo García
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Serafín Vigo García
-Edificabilidade: 0,21 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B+1, 7,00 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 17 %
Recuamento á aliñación: 6,15 m. á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 5,09 m
Pendente máxima de cuberta: 23º
Altura do cumio: 2,50 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza
-Presuposto: 1.100,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 22,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 82,00 euros.

***1.2.*** **A ISAAC FUDILI MORENO,** licenza para legalización das modificacións realizadas durante a execución das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cachóns, nº 10, parroquia de Oza, R.C.: 15083A142000710000TE (Expte. electrónico 2019/U022/000037), segundo proxecto redactado polos arquitectos Oscar e Ivan Andrés Quintela.
Expediente núm: **41/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, presentado o 18 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 7123), redactado polos arquitectos Oscar e Ivan Andrés Quintela, visado no colexio oficial de arquitectos con data 17 de setembro de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade

de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N1, Núcleo rural tradicional
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Oscar e Ivan Andrés Quintela
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Francisco Fernández Novas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Francisco Fernández Novas
-Edificabilidade: 0,12 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B+BC, 4,15 m.
-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 8,74 %
Recuamento á aliñación: 5,68 m.
Recuamento a lindeiros: 7,69 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: <4,00 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza
-Presuposto: 0,00 €.

**A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.**
***1.3.-*** Escrito presentado por José Manuel Barros Senín, en data 10 de xuño de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000003776 (Expte. electrónico 2019/U007/000010), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 10 de outubro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 17 de outubro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **JOSÉ MANUEL BARROS SENIN,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-530-10/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Lamas, nº 5, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515003550000KM, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 35/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 06.06.2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 120,00 €

***1.4.-*** Escrito presentado por Irene Gómez-Ibarlucea Traba, en data 22 de marzo de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000001858 (Expte. electrónico 2019/U007/000005), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 15 de outubro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 17 de outubro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **IRENE GÓMEZ-IBARLUCEA TRABA,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-525-11/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Cachóns, nº 10, parroquia de Oza, R.C.: 15083A142000710000TE, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 26/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21.03.2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

***1.5.-*** Escrito presentado por Natalia Salgado González, en data 2 de xullo de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000004524 (Expte. electrónico 2019/U007/000011), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 16 de outubro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 17 de outubro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **NATALIA SALGADO GONZÁLEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-531-12/2019**), para unha vivenda unifamiliar, na Rúa Ledín, nº 72, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514015650000KG, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 41/15, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.10.2015.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 120,00 €
.-Incremento ampliación baixo cuberta: 12.500,00 euros (Tipo: 2%)
-Imposto sobre construcións, instalacións e obras: 250,00 €

***1.6.-*** Escrito presentado por Mª de los Ángeles Varela Sanmartín, en data 1 de outubro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000006739 (Expte. electrónico 2019/U007/000015), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 16 de outubro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 17 de outubro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **MARÍA DE LOS ÁNGELES VARELA SANMARTÍN,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-535-13/2019**), para unha vivenda unifamiliar, na Rúa Ignacio Varela, nº 8, parroquia de Reis, R.C.: 7147403NH3374N0001EQ, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 5/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 01.02.2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

**B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.**
***1.7.-*** Visto o escrito presentado por **CARMEN DOLORES JORGE MORA**, de data 15 de outubro de 2019, con rexistro de entrada no concello número 201900000007027, no que solicita a corrección dos erros detectados, en canto á dirección da vivenda, referencia catastral da finca e data do visado do proxecto, no texto da licenza urbanística nº 25/2019 (Expte. electrónico 2019/U022/000017), concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de xullo de 2019, para construción dunha vivenda unifamiliar, en O Sisto, nº 20, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503022730000SW.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Rectificar os erros detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xullo de 2019, de xeito que:
***Onde pon***: "O Sisto, nº 20", ***debe poñer***: "O Sisto, nº 20 A".
***Onde pon***: "R.C.: 15083B503022730000SW", ***debe poñer***: "R.C.: 15083B503021360000SE".
***Onde pon***: "visado no colexio oficial de arquitectos con data 8 de maio de 2019", ***debe poñer***: "visado no colexio oficial de arquitectos con data 8 de maio de 2019 e as súas modificacións con data de visado 17 de xuño de 2019".

**Segundo.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**2.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**
***2.1.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A. (rex. entrada nº 201999900000555 do 04/09/2019)
Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 9 de outubro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 4 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 201999900000555), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Cesar, nº 17, parroquia de Calo, S/R.: GDE41019080001.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 6900, de 08/10/2019).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-30/2019) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Cesar, nº 17, parroquia de Calo, S/R.: GDE41019080001, de acordo co solicitado con data de 4 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 201999900000555).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-30/2019) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Cesar, nº 17, parroquia de Calo, S/R.: GDE41019080001, de acordo co solicitado con data de 4 de setembro de 2019 (rex. entrada nº 201999900000555).**

**Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

***2.2.-*** PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ANTONIO FIGUEROA LORENZANA (rex. entrada nº 201900000007051 do 15/10/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 16 de outubro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Antonio Figueroa Lorenzana, de 15 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000007051), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para construír un acceso á parcela nº 1575 de concentración de Cacheiras (de monte), canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro ao longo de 5 m. de lonxitude e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca, en data 15/10/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Antonio Figueroa Lorenzana, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-33/2019) para construír un acceso á parcela nº 1575 de concentración de Cacheiras (de monte), canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro ao longo de 5 m. de lonxitude e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, de acordo co solicitado con data de 15 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000007051).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Antonio Figueroa Lorenzana, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-33/2019) para construír un acceso á parcela nº 1575 de concentración de Cacheiras (de monte), canalizando a cuneta cunha tubaxe de 40 cm. de diámetro ao longo de 5 m. de lonxitude e unha soleira de formigón armado de 15 cm. de espesor, de acordo co solicitado con data de 15 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000007051).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

**3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2019-20.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 18 de outubro de 2019 que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: Convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Teo 2019/2020**

Téndose redactado as Bases reguladoras da Convocatoria de Axudas de Ensino e Transporte para o curso académico 2019/2020 e unha vez emitido o informe de fiscalización pola Intervención Municipal en data 18/10/2019, propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2019/2020 que de seguido se reflicten:

---

(...)

---

**Segundo.-** Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.".

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2019/2020 que de seguido se reflicten:**

---

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2019/2020

- **Primeira.** ***Obxecto da convocatoria.***

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Teo para a concesión de bolsas de estudo para os gastos de material escolar, libros de texto e contidos dixitais destinados a favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos.

- **Segunda.** ***Destinatarios/as e requisitos.***

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

**-PRIMARIA E INFANTIL:** todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, Calo e CRA)

**-ESO:** IES de Cacheiras e Pontepedriña e alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de ESO que non exista nos centros anteriores.

**-FP OU PCPI:** calquera centro público

**-BACHARELATO:** IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.

**-UNIVERSITARIOS:** calquera universidade galega.

**-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES**: Calquera centro galego.

**-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais** impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de ensino de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria.
c) Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Consideraranse fillos dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
d) Presentar certificado de matrícula (ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria) do/a alumno/a para o curso 2019/2020 (agás alumnos/as de Primaria, Infantil e ESO).
e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, e no caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.
g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte os estudantes dos centros situados fóra da área de transporte metropolitano de Santiago. Alumnado de:
    a. Formación Profesional .
    b. PCPI.
    c. Universitarios.
    d. Alumnado de Bacharelato.
    e. Alumnado de ensinanzas artísticas superiores.

- **Terceira.** ***<u>Solicitudes e documentación necesaria.</u>***

**<u>Documentación obrigatoria:</u>**

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: www.teo.gal

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte **documentación**:

✓ Fotocopia do DNI do solicitante.

- ✓ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- ✓ Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2018 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar ou no caso de percibir pensións non contributivas deberá acreditala mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. Os fillos entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos pais aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.
- ✓ No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.
- ✓ Facturas **orixinais ou copia cotexada, ou no seu caso certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo,** que acrediten o gasto realizado en material escolar, libros ou contidos dixitais para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista
  das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.
- ✓ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de Bacharelato, F.P., PCPI, universitarios, ensinanzas artísticas superiores , alumnado con necesidades educativas especiai, e aqueles alumnos que estean cursando ESO noutra modalidade distinta das impartidas no IES de Cacheiras e de Pontepedriña.
- ✓ **Declaración responsable** de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e **autorización** ao Concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.

**Documentación complementaria:**

- ✓ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.

- ✓ Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2019 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- ✓ Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

- **Cuarta.** ***Lugar e prazo de presentación das solicitudes.***
  a) A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
  b) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

• **Quinta.** ***Contía das bolsas***

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

| CURSO | IMPORTE DA AXUDA |
|---|---|
| EDUCACIÓN INFANTIL | 100 € |
| 1º A 6º DE PRIMARIA,1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O, PCPI, e outras modalidades de ESO | 100 € |
| ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS | 150 € |
| BACHARELATO, F.P. | 150€ |
| UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES | 200€ |

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

| DISTANCIA EN KMS | IMPORTE BOLSA |
|---|---|
| Centros situados fóra da área metropolitana de Santiago | 200 € |

- **Sexta.** ***Valoración das solicitudes***

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2018.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar:**

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel "*núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento" (artigo 13 da Lei 3/2011).* Para os efectos da *consideración da monoparentalidade,* e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.

- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.

- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor ( agás nos casos de custodia compartida ).

- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

- Nos casos de violencia de xénero, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renta per cápita da unidade familiar.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

| Renda per cápita familiar | Puntuación |
|---|---|
| De 0 € a 5.000 € | 6 |
| De 5.001 € a 6.000 € | 4 |
| De 6.001 € a 7.500 € | 2 |

As rendas per cápita superiores a 7.500€ non terán dereito a axuda de ensino, nin de transporte.
Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2019 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

- **Sétima.** ***<u>Importe máximo e crédito orzamentario</u>***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **35.000 €**, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do **exercicio 2020**, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- **Oitava.** ***<u>Do procedemento de concesión das axudas</u>***

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

- **<u>Novena.-*Compatibilidade*</u>**

A percepción destas axudas será **compatible** coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

- **Décima.-*<u>Comisión avaliadora</u>***

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:
-A concelleira de Educación
-A interventora municipal
-O técnico da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local.
- A auxiliar de servizos económicos.

- ***<u>Onceava.-xustificación</u>***

A documentación xustificativa presentarase no mesmo momento da solicitude.
-Xustificantes esixidos para as **axudas de ensino:**

| ALUMNOS DE: | TIPO DE XUSTIFICANTE |
|---|---|
| PRIMARIA, INFANTIL E ESO | Facturas **orixinais ou copias cotexadas** que acrediten o gasto realizado en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou **no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo** |
| BACHARELATO,FP, PCPI, UNIVERSITARIOS,ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE e alumnos que cursen ESO en centros distintos aos de Cacheiras e Pontepedriña, en modalidades que non existan nos anteriores. | Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria. |

-Xustificantes esixidos para as **axudas de transporte:**

| ALUMNOS DE: | TIPO DE XUSTIFICANTE |
|---|---|
| • BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES | Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria. |

- ***Disposición derradeira***

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2020 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes. A igual puntuación, terán prioridade as solicitudes con menor renta per cápita.

Teo, 17 de outubro de 2019
A concelleira de Educación

Maria Josefa Argibay Silva

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

# ANEXO I

## MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA CURSO 2019/2020

***DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA/ ALUMNOS ENTRE 18 A 25 ANOS)***

| | |
|---|---|
| **NOME E APELIDOS** | |
| **NIF** | |
| **ENDEREZO** | |
| **TELÉFONO** | |
| **IBAN: CC:** | |

***DATOS DO/A ALUMNO/A***

| | |
|---|---|
| **NOME E APELIDOS** | |
| **CURSO** | |
| **CENTRO DE ESTUDOS** | |

| | |
|---|---|
| **AXUDA SOLICITADA:** | ☐ **AXUDA DE ENSINO**<br>☐ **AXUDA de transporte fóra da área metropolitana de Santiago** |

- **DOCUMENTACIÓN <u>OBRIGATORIA</u> QUE SE ACHEGA** (marque cun x) (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

☐ Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos.
☐ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
☐ Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.

- Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda): (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

☐ Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2018.
☐ Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2018
☐ Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

- **DOCUMENTACIÓN <u>COMPLEMENTARIA</u> QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

☐ Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).
☐ Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2019.
☐ Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

- **XUSTIFICACIÓN <u>OBRIGATORIA</u> DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

☐ Facturas orixinais ou copias cotexadas, ou certificado selado do gasto en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)
☐ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as, ensinanzas artísticas superiores, PCPI e alumnado con NEE).

Teo, .....de .....de 2019
Asdo.: .....
**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

## <u>ANEXO II</u>
## <u>DECLARACIÓN RESPONSABLE</u>

D./D.ª_____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a,alumnos/as, alumnos solicitantes de 18 a 25 anos_____

DECLARO:
1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
AUTORIZO:

- Ao concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2019/2020

_____, _____ de _____ de 2019

Asdo.: _____

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

---

**Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.**

**4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.**
Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.10.31 13:51:47 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.10.31 13:34:21 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 18/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 4 DE NOVEMBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 4 de nove,mbro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 07.10.2019 E 21.10.2019**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 33/2019**
4. **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO. D. MANUEL LEÓN LÓPEZ**

5. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

6. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 07.10.2019 E 21.10.2019

Acta da sesión ordinaria de 7 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 21 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos incorporados aos mesmos.

Vistos os informes xurídicos emitidos ao efecto e considerando que o marco legal vixente non esixe estar en posesión dunha determinada titulación académica ou profesional para informar os expedientes de solicitude de licenza e que a labor dos técnicos municipais na emisión de informes sobre licenzas urbanísticas de calquera tipo, non supón en ningún caso unha valoración sobre a calidade técnica dos proxectos ou das súas prescricións, senón so unha comprobación formal, unha interpretación dos planos e condicións, así como o seu contraste cos instrumentos urbanísticos aos que teña que axustarse.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación

de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***2.1.*** **A SONSOLES ESTEVE KRAUEL,** en representación de **ASOCIACIÓN CULTURAL "RIOSAR"**, licenza para obras de consolidación exterior dunha vivenda tradicional, na rúa da Fonte da Estrela, nº 7, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503009710001DE, segundo proxecto redactado polos arquitectos Joaquín Fernández Madrid e Pedro R. Iglesias Pereira.
Expediente núm: **42/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Joaquín Fernández Madrid e Pedro R. Iglesias Pereira: proxecto básico e de execución de obras de consolidación exterior de vivenda tradicional, visado no colexio oficial de arquitectos con data 80 de maio de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, de data 6 de xuño de 2019, expte. 1728/18, autorizando as obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Solo urbanizable delimitado, SUD-6

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Joaquín Fernández Madrid e Pedro R. Iglesias Pereira
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Santiago Ucha Dolz del Castellar
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Santiago Ucha Dolz del Castellar
-Presuposto: 101.353,69 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.027,07 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.2017,07 euros.

***2.2.* A PEDRO JOSÉ VARELA VILA,** en representación de **MANUEL LESTA IGLESIAS**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Raxó, nº 2, parroquia de Cacheiras (Expte. electrónico 2019/U022/000019), R.C.: 15083A515014440000KY, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Ramón López Calvo.
Expediente núm: **43/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Ramón López Calvo: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 4 de setembro de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: José Ramón López Calvo
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pedro José Varela Vila
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pedro José Varela Vila
-Edificabilidade: 0,29 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B+BC 3,28 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 23,44 %
Recuamento á aliñación: 9,51 m á aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,00 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 3,20 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 134.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.680,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 221,10 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.021,10 euros.

***2.3.* A IVÁN CONDE LEBORÁN,** licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000039), en A Torre, nº 61-C, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503023010000SU, segundo proxecto redactado pola arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante.
Expediente núm: **44/2019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 8 de outubro de 2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente xustificante de ingreso a Augas de Teo, da entidade “Abanca”, por importe de 877,56 euros, en concepto de acometida abastecemento e saneamento (3041/19).
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 67,50 metros cadrados, asinado polo interesado.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
**-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor (67,50 metros cadrados).**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Ana Isabel Piñeiro Esperante
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Manuel Vence Rosende
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Manuel Vence Rosende
-Edificabilidade: 0,30 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B 3,80 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 23,56 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: 3,00 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 1,00 m.
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 120.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.400,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 84,60 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.604,60 euros.

**3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 33/2019**

Escrito presentado por Celia Rodríguez Liñeiras, en data 24 de outubro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000007210, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 33/2019, xuntando escritura pública de data un de outubro de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de setembro de 2019, a Celia Rodríguez Liñeiras e a Mª del Carmen Rodríguez Liñeiras**,** para segregación (dúas parcelas) das fincas núms. 98.1 e 98.2-D, da concentración parcelaria de Santa Baixa de Oza (Expte. electrónico 2019/U018/000008), R.C.: 15083B507000980000SI, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polas promotoras.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 100,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data data un de outubro de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 100,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 33/2019.

**Segundo**.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 2 de setembro de 2019 (Lic. 33/2019).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

***4.1.-*** PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A MANUEL LEÓN LÓPEZ (rex. entrada nº 201900000007130 do 18/10/2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 21 de outubro de 2019 que se recolle a continuación:

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Manuel León López, de 18 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000007130), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para reparación dunha canalización de auga potable, a carón da estrada, en Solláns, nº 48, Calo.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca, en data 18/10/2019) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Manuel León López, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2019) para reparación dunha canalización de auga potable, a carón da estrada, en Solláns, nº 48, Calo, de acordo co solicitado con data de 18 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000007130).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Manuel León López, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2019) para reparación dunha canalización de auga potable, a carón da estrada, en Solláns, nº 48, Calo, de acordo co solicitado con data de 18 de outubro de 2019 (rex. entrada nº 201900000007130).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

## 5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.11.19 11:00:46 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.11.19 10:28:44 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 19/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 12 DE NOVEMBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 12 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Non asiste, previa escusa:**

D.ª Iria Otero Romero

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBES E DEPORTISTAS FEDERADOS**
2. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES EDUCATIVAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBES E DEPORTISTAS FEDERADOS**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 5 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 20/05/2019 as Bases da Convocatoria de subvencións a clubes e deportistas federados, polas actividades realizadas en 2019, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº104 de data 04/06/2019.

Téndose valorado a documentación presentada polos clubes e deportistas interesados por parte da comisión de valoración á que se refire a base 5ª da convocatoria, que presenta acta de data 17/10/2019, na que figuran as puntuacións acadadas e os importes propostos para as axudas concedidas.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 05/11/2019.

Considerando o disposto na citada Base 5ª da Convocatoria referida ,así como o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar a acta da Comisión de valoración de data 17/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican aos seguintes clubes e deportistas federados:

(...)

Quedan excluídas da convocatoria as seguintes entidades e deportistas individuais polos motivos que se enuncian a continuación:

(...)

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo aos interesados asi como aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.".

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:**

**<u>Primeiro.</u>- Aprobar a acta da Comisión de valoración de data 17/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican aos seguintes clubes e deportistas federados:**

| CLUB | MODALIDADE | Contía á que opta |
|---|---|---|
| CLUB SAN FRANCISCO TEO | KARATE, JUDO, XADREZ E F.S. | 4.633,75 € |
| SR CALO | FÚTBOL E FS | 4.426,90 € |
| CLUB FAMILY LOS TILOS | PADEL E TENIS | 4.220,05 € |
| S. D. CACHEIRAS | FÚTBOL E FS | 3.682,24 € |
| PRAÍÑA SP. C | FÚTBOL E FS | 3.516,76 € |
| TKDENODO | TAEKWONDO | 2.647,99 € |
| PATINAXE ARTÍSTICA DE TEO | PATINAXE ARTÍSTICA | 2.151,55 € |
| ASOCIACIÓN VALENTES | RUGBY E F. AMERICANO | 1.737,85 € |
| AEROMODELISMO ESTELA | AEROMODELISMO | 1.489,63 € |
| CF RARIS | FÚTBOL | 993.28 € |
| | **TOTAL:** | **29.500 €** |

| DEPORTISTA INDIVIDUAL | MODALIDADE | Contía á que opta |
|---|---|---|
| LORENZO COUSO, RUTH | KARATE | 1.300 € |
| SANTOS VEIGA, XAVIER | KARATE | 1.300 € |
| VAZQUEZ DIAZ, TOMAS | KICKBOXING | 1.300 € |
| PEREZ VIDELA, MINIA | PATINAXE ARTÍSTICA | 1.158,50 € |
| MELLA BOULLÓN, LAURA | PATINAXE ARTÍTICA | 1.158,50 € |

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

| DEPORTISTA INDIVIDUAL | MODALIDADE | Contía á que opta |
|---|---|---|
| LAMA-PEREIRA LAGE, ALVARO | BILLAR | 720,36 € |
| DIAZ PAZOS, MARTINA | XIMNASIA RÍTMICA | 300,22 € |
| CANTÓN ARMADA, CLAUDIA | XIMNASIA RÍTMICA | 300,22 € |
| LOPEZ BARREIRO, NEREA | XIMNASIA RÍTMICA | 240,20 € |
| IGLESIAS VALUJA, ALBA | XIMNASIA RÍTMICA | 240,20 € |
| CASTRO VALIÑO, MARIA | XIMNASIA RÍTMICA | 120,16 € |
| VINSEIRO VILABOA, AINHOA | XIMNASIA RÍTMICA | 120,16 € |
| RIAL GARCIA, LARA | XIMNASIA RÍTMICA | 120,16 € |
| MOSQUERA ACEVEDO, CARLOTA | XIMNASIA RÍTMICA | 60,66 € |
| MARQUEZ RODRIGUEZ, SILVIA | XIMNASIA RÍTMICA | 60,66 € |
| | **TOTAL:** | **8.500 €** |

**Quedan excluídas da convocatoria as seguintes entidades e deportistas individuais polos motivos que se enuncian a continuación:**

| CLUB | MODALIDADE | MOTIVO |
|---|---|---|
| C B AMIGOS DE TEO | BALONCESTO | Documentación incompleta |
| ASOCIACIÓN DE BILLAR DE TEO | BILLAR | Desestimento da solicitude polo presidente do club |

| DEPORTISTA INDIVIDUAL | Disciplina | MOTIVO |
|---|---|---|
| PRECEDO LÓPEZ, NOA | XIMNASIA RÍTMICA | Documentación incompleta |

| DEPORTISTA INDIVIDUAL | Disciplina | MOTIVO |
|---|---|---|
| IGLESIAS BALUJA, IRENE | XIMNASIA RÍTMICA | Non competiu en ámbito autonómico. |
| CALVO CARAMÉS, ANDREA | PATINAXE ARTÍSTICA | Fóra de prazo |
| FERREIRO PARENTE, ZAIRA | PATINAXE ARTÍSTICA | Fóra de prazo |
| GOMEZ VALOIS, INÉS | SQUASH | Fóra de prazo |
| GOMEZ VALOIS, PASCAL | SQUASH | Fóra de prazo |

**Segundo.- Dar conta do presente acordo aos interesados asi como aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.**

## 2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES EDUCATIVAS

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

**" PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 20/05/2019 as bases da convocatoria de subvencións a entidades educativas, polas actividades realizadas en 2019, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 03/06/2019.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presenta a súa acta de data 30/10/2019, proponiéndose nesta última os importes a conceder.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 08/11/2019

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

P**ROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 30/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

(...)

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.”.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 30/10/2019, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:**

| *CENTROS EDUCATIVOS* | *PUNTUACIÓN* | *TOTAL SUBVENCIÓN ( 50,20 € cada punto )* |
|---|---|---|
| **CEIP A RAMALLOSA** | 35 | 1,757€ |
| **CEIP OS TILOS** | 25,25 | 1.267,55€ |
| **IES CACHEIRAS** | 40 | 2.008,00€ |
| **CRA TEO** | 19,25 | 966,35€ |
| **TOTAL** | **119,5** | **5.998,90€** |

| *ENTIDADES* | *TOTAL PUNTUACIÓN* | *TOTAL SUBVENCIÓN (86,41€ cada punto)* |
|---|---|---|
| **ANPA A RABADELA (CALO)** | 16,50 | 1.425,76€ |
| **ANPA COBAS (CEIP OS TILOS)** | 24,25 | 2.095,44€ |
| **ANPA IES CACHEIRAS** | 23 | 1.987,43€ |
| **ANPA A CANTOÑEIRA (CRA)** | 2,25 | 194,42€ |
| **ANPA RÍO TELLA (A RAMALLOSA)** | 15 | 1.296,15€ |
| **TOTAL** | **81** | **6.999,20€** |

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

**<u>Segundo.</u>- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.11.28 12:37:30 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.11.28 12:33:40 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 20/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 2 DE DECEMBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 2 de decembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

**Non asiste, previa escusa:**

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 04.11.19 e 12.11.19**
2. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 04.11.19 e 12.11.19

*Acta da sesión ordinaria de 4 de novembro de 2019*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 4 de novembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

*Acta da sesión extraordinaria de 12 de novembro de 2019*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 12 de novembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## 2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO

A sra. secretaria da conta de que se trata de dúas propostas, unha de devolución de ICIO e unha de bonificación, e non de dúas bonificacións, como se expresa neste punto da orde do día.

### 2.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. MANUEL LAREO PÉREZ

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 19 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada por D.Manuel Lareo Pérez en data 23/10/2019 con nº RE 7202 pola cal solicitan a devolución do importe ingresado en concepto de ICIO por importe de 30,00€ debido ao seu desestimento.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 19/11/2019, favorable á devolución.

Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos artigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.**-Estimar a solicitude presentada por D. Manuel Lareo Pérez en data 23/10/2019 con nº RE 7202, e recoñecerlle o dereito á devolución do importe aboado en concepto de ICIO por obra da que se desiste, que ascende a 30,00€.

**Segundo**- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

**Terceiro.-**Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.".

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:**

**Primeiro.-Estimar a solicitude presentada por D. Manuel Lareo Pérez en data 23/10/2019 con nº RE 7202, e recoñecerlle o dereito á devolución do importe aboado en concepto de ICIO por obra da que se desiste, que ascende a 30,00€.**

**Segundo- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.**

**Terceiro.-Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.**

## 2.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA CASTIÑEIRO 7 – OS TILOS (REPRESENTADOS POR D. CARLOS RODRÍGUEZ PUENTE)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data 05/06/2019 por rexistro electrónico por D. Carlos Rodriguez Puente, pola cal solicita que se bonifique a cota tributaria do ICIO correspondente á obra de instalación de un ascensor na rúa Castiñéiro 7 de Os Tilos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto en data 25/11/2019.

Considerando o disposto no artigo 103.2do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO e no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, vixentes no concello.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de un acensor na rua Castiñeiro 7 de Os Tilos co seguinte resumo:

Base impoñible:65.400€

Tipo de gravámen:2%

Cota íntegra:1308,00€

**Bonificación:10%=130,80€**

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:**

**Primeiro: Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de un acensor na rua Castiñeiro 7 de Os Tilos co seguinte resumo:**

**Base impoñible:65.400€**

**Tipo de gravámen:2%**

**Cota íntegra:1308,00€**

**Bonificación:10%=130,80€**

**Segundo: Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL**

**3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.12.03 13:56:49 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.12.03 12:27:44 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

**ACTA 21/19**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 16 DE DECEMBRO DE 2019 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 16 de decembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente**:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as**:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

**Arquitecto**: D. Ignacio Soto González

**Secretaria**: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 02.12.19**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **DESISTENCIA DA LICENZA URBANÍSTICA 37/2019 CONCEDIDA A NATALIA IGLESIAS GONZÁLEZ**

4. **CESIÓN DE TERREOS ACEPTADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE XULLO DE 2019 (LICENZA 17/2019): MODIFICACIÓN DA SUPERFICIE OBXECTO DE CESIÓN E NOVA ACEPTACIÓN.**
5. **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
7. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 02.12.19

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 2 de decembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

***2.1.*** **A MARTA VALIÑO PAIS**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Lamas, nº 23, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503023200000SO, (Expte. electrónico 2019/U022/000035), segundo proxecto redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos.

Expediente núm: **45/2019**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos: proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no colexio oficial de arquitectos con data 7 de outubro de 2019.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e

cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto/a director/a das obras: Beatriz Abel Pazos
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Belén Martínez Fernández
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Belén Martínez Fernández
-Edificabilidade: 0,09 $m^2/m^2$
-Altura máxima: B 3,28 m.
-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 9,11 %

Recuamento á aliñación: 12,85 m á aliñación oficial

Recuamento a lindeiros: 3,79 m

Pendente máxima de cuberta: <30º

Altura do cumio: 1,37 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.

-Presuposto: 64.700,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.294,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 1.474,00 euros.

***2.2.*** **A MANUEL RIVADULLA REY,** licenza para segregación (dúas parcelas) da finca situada en Requián, 5, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503007990000SI (Expte. electrónico 2019/U018/000012), segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodriguez e Javier Rivadulla Montaña.

Expediente núm: **46/2019**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 22 de agosto de 2019 (rex. entrada núm. 201900000005204), "Propuesta de segregación" redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

| | PXOM | Parcela 1 | Parcela 2 | Cesión |
|---|---|---|---|---|
| Ordenanza de aplicación | N2 | N2 | N2 | N2 |
| Superficie mínima | 300 $m^2$ | 1217 $m^2$ | 935 $m^2$ | 359 $m^2$ |
| Fronte mínimo | 14 m | 47,62 m | 39,79 m | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Edificabilidade | 0,30 $m^2/m^2$ | 0,18 $m^2/m^2$ | | |
| Ocupación | 40% | 18% | | |

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

**A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

***2.3.-*** Escrito presentado por Diego Cajaraville Loureiro, en data 3 de setembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000005647 (Expte. electrónico 2019/U007/000013), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 12 de decembro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 12 de decembro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **DIEGO CAJARAVILLE LOUREIRO,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-533-14/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Rial do Mato, nº 9, parroquia de Raris, R.C.: 15083D510051560000MB, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 4/15, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.03.2015.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

***2.4.-*** Escrito presentado por Antón Mirás Calvo, en data 23 de outubro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 201800000008029 (Expte. electrónico 2018/U007/000007), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 12 de decembro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 12 de decembro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **ANTÓN MIRÁS CALVO,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-516-15/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Bustelo, nº 31, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501004270001LF, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 4/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 01.02.2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 60,00 €
-Imposto sobre construcións, instalacións e obras:
.-Liquidación final de obra executada: 89.983,39 euros.
.-Presuposto licenza nº 4/16: 85.357,00 euros.
.-Diferenza: 4.626,59 euros.
Tipo: 2% de 4.626,59 euros: 92,53 euros.
***Total débeda: 92,53 euros.***

***2.5.-*** Escrito presentado por José Carlos Freijeiro González, en data 3 de abril de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000002090 (Expte. electrónico 2019/U007/000006), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 12 de decembro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 12 de decembro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **JOSÉ CARLOS FREIJEIRO GONZÁLEZ,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-526-16/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en Nespereira, nº 36, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501105790001LK, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 339/05, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.11.2005.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

***2.6.-*** Escrito presentado por Javier Tato Pazos, en data 2 decembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000008314 (Expte. electrónico 2019/U007/000018), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 12 de decembro de 2019, o informe xurídico de Secretaría de data 12 de decembro de 2019, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Conceder a **JAVIER TATO PAZOS,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-538-17/2019**), para unha vivenda unifamiliar, en O Outeiro, nº 3, parroquia de Oza, R.C.: 15083C507005630001UW, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 33/13, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18.02.2013.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Segundo**.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

**3.-DESISTENCIA DA LICENZA URBANÍSTICA 37/2019 CONCEDIDA A NATALIA IGLESIAS GONZÁLEZ**

Dada conta do escrito presentado por Natalia Iglesias González, en data 28 de novembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000008256, no que comunica a desistencia expresa da licenza urbanística 37/2019, que que lle fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de outubro de 2019, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Raris, nº 42, parroquia de Raris, R.C.: 15083A126004900000TO, segundo proxecto redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo (Expte. electrónico 2019/U022/000013).

Considerando o disposto nos artigos 21, 84 e 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)) acorda:

**Primeiro**.- Aceptar o desistencia da licenza urbanística 37/2019, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de outubro de 2019, a Natalia Iglesias González, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000013), en Raris, nº 42, parroquia de Raris, R.C.: 15083A126004900000TO.

**Segundo**.- Declarar concluso o procedemento de concesión de licenza urbanística 37/2019 (Expte. electrónico 2019/U022/000013).

**Terceiro**.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**4.-CESIÓN DE TERREOS ACEPTADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE XULLO DE 2019 (LICENZA 17/2019): MODIFICACIÓN DA SUPERFICIE OBXECTO DE CESIÓN E NOVA ACEPTACIÓN**

Escrito presentado por Sonia Calo Albores e Alberto Abalde Covelo, en data 3 de decembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000008357, no que solicitan modificar a superficie de cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 17/2019, segundo escritura pública de data catro de xuño de dous mil dezanove, do notario Carlos Lapido Alonso, que fora aceptada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xullo de 2019.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de maio de 2019, a Sonia Calo Alborés**,** para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Seoane, nº 47, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006000000SM, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores dunha superficie de 86,00 metros cadrados.

Vista a dilixencia de emenda, de data 23 de setembro de 2019, referida a escritura número 720/2019, de data catro de xuño de dous mil dezanove, do notario Carlos Lapido Alonso, que di: "Que completan la escritura objeto de esta diligencia, con un nuevo informe de validación gráfica, que sustituye al anterior, que me entregan e incorporo a esta matriz y que rectifica la superficie de la finca matriz, que según reciente medición, tiene una superficie de 1.966 metros cuadrados, quedando como superficie neta 1.839 metros cadrados, y como superficie de cesión 127 metros cadrados".

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro**.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de xuño de dous mil dezanove, do notario Carlos Lapido Alonso, modificada pola dilixencia de emenda de data 23 de setembro de 2019, dunha superficie de 127,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 17/2019, deixando sen efecto a aceptación da cesión de terreos acordada pola Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2019, referida a 86,00 metros cadrados.

**Segundo**.- Deberá procederse polos interesados a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 6 de maio de 2019 (Lic. 17/2019).

**Terceiro**.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

**5.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**

***5.1.-*** PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 201999900000086 do 06/03/2019)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 12 de decembro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 14 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000086), e a modificación presentada o 29 de abril de 2019 (rex. entrada nº 201999900000171), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo a instalación dun novo apoio de formigón, que substitúa ao de madeira existente, e unha acometida de 1 metro, en Travesía de Casalonga, nº 41, Calo (S.G.D.: 218319020011).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 2769 de 03/05/2019).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-5/2019) para poder levar a cabo a instalación dun novo apoio de formigón, que substitúa ao de madeira existente, e unha*

*acometida de 1 metro, en Travesía de Casalonga, nº 41, Calo (S.G.D.: 218319020011), de acordo co solicitado con data de 14 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000086), e a modificación presentada o 29 de abril de 2019 (rex. entrada nº 201999900000171).*
***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes"*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.- Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-5/2019) para poder levar a cabo a instalación dun novo apoio de formigón, que substitúa ao de madeira existente, e unha acometida de 1 metro, en Travesía de Casalonga, nº 41, Calo (S.G.D.: 218319020011), de acordo co solicitado con data de 14 de marzo de 2019 (rex. entrada nº 201999900000086), e a modificación presentada o 29 de abril de 2019 (rex. entrada nº 201999900000171).**

**Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

***5.2.-*** PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 201999900000463 do 02/08/2019)
Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 12 de decembro de 2019 que se recolle a continuación:

***"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 2 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201999900000463), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha conexión á Rede de Baixa Tensión Subterránea de 7 metros de canalización, en Coto, nº 1, Bamonde (S.G.D.: 218319060078).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 6197 de 12/09/2019).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-26/2019) para poder levar a cabo unha conexión á Rede de Baixa Tensión Subterránea de 7 metros de canalización, en Coto, nº 1, Bamonde (S.G.D.: 218319060078), de acordo co solicitado con data de 2 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201999900000463).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-26/2019) para poder levar a cabo unha conexión á Rede de Baixa Tensión Subterránea de 7 metros de canalización, en Coto, nº 1, Bamonde (S.G.D.: 218319060078), de acordo co solicitado con data de 2 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 201999900000463).**

**<u>Segundo</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

**6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.01.31 13:20:18 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.01.31 13:18:42 +01'00'

Virginia Fraga Díaz